fondo galego de cooperación e solidariedade

# Memoria |2|0|1|4|

## Os Obxectivos do Milenio: Fin e Principios

**Memoria 2014**

*Fotografías de portada:* Fondo Galego

*Edita:* Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (IGADI)

*Sede do Fondo Galego:* FEGAMP- Área Central
Rúa Varsovia, 4C – 6ª
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-555-999
Fax: 981-565-203

*Secretaría do Fondo Galego:* Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)
Avenida Joselín, nº7, Portal 3, 4ºB, 36300, Baiona (Pontevedra)
Tfno: 986 357238 - 698 144 536
info@igadi.org

*Tiraxe:* 350

*Impresión:* Gráficas Feito S. L.
*Deseño gráfico:* PositiBos.com
*Depósito legal:* Vg. 276-2014

# ÍNDICE

| | | |
|---|---|---|
| 0 | PRESENTACIÓN | 5 |
| 1 | TECIDO E VIDA ASOCIATIVA | 7 |
| 2 | RELACIÓNS INSTITUCIONAIS | 11 |
| 3 | PROXECTOS | 15 |
| 4 | SENSIBILIZACIÓN | 47 |
| 5 | COMUNICACIÓN | 61 |
| 6 | BALANCE CONTABLE | 63 |
| 7 | AXENDA 2014 | 65 |

# 0 PRESENTACIÓN OS OBXECTIVOS DO MILENIO: FIN E PRINCIPIOS

O ano 2014 comezou cunha extraordinaria noticia para o Fondo Galego. O proxecto financiado durante o período 2010-2013 pola Unión Europea 'Redes para o Desenvolvemento', que identificara a nosa asociación como exemplo de boas prácticas dentro da cooperación descentralizada europea, ampliábase a unha segunda fase 2014-2017, nesta nova xeira con municipios e ONGD de Portugal, Alemaña e, desta volta, Holanda.

Outra vez o modelo do Fondo Galego viuse recoñecido por instancias europeas, dándonos o rol no proxecto de presentalo ás autoridades locais coas que compartimos este camiño de 'Redes para o Desenvolvemento': a planificación estratéxica da asociación, o sistema de cotas mínimas (incluínte para todas as entidades locais) ou a capacidade do traballo en rede para maximizar eficacias e eficiencias económicas e introducir os Dereitos Humanos na axenda local son signos de identidade que serven de modelo no ámbito comunitario. Durante o 2014 presentamos ao Fondo na Cámara Municipal de Maia e nos Concellos holandeses de Amsterdam e Helmond. En maio de 2015, o Fondo Galego presentarase en Berlín.

Institucionalmente, o ano deixounos tamén dúas moi boas novas dentro do marco autonómico. Dunha banda, renovamos a colaboración coa Fegamp, asinando un novo convenio que identifica ao Fondo Galego como a axencia de cooperación internacional de todo o municipalismo galego, poñendo en valor o modelo de traballo en rede e a pertinencia da introdución dos Dereitos Humanos na axenda local. Doutra banda, o 14 de marzo aprobouse no Parlamento de Galicia o III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 que, despois de distintas dificultades, continuou a identificar a Cabo Verde coma país prioritario e ao Fondo Galego como a ferramenta da administración local galega para a cooperación internacional, nomeando explicitamente á Rede Municipalista Solidaria coma espazo a protexer.

Con anterioridade, no marco da reforma da administración local, o Fondo Galego participou o 4 de febreiro na Xornada 'A cooperación internacional para o desenvolvemento desde os gobernos locais', organizada pola Confederación de Fondos, na sede da Federación Española de Municipios e Provincias (Femp), en Madrid. A Confederación engloba a nove Fondos de cooperación autonómicos de base local, que representan a máis de 1.000 entidades locais, que asumen a pertinencia do compromiso solidario coa cooperación internacional e os Dereitos Humanos.

En canto aos proxectos de cooperación, coa colaboración extraordinaria do Concello de Vigo continuamos a profundar na cooperación directa, promovendo alternativas económicas de desenvolvemento. En Cabo Verde, xunto á Cámara Municipal de Ribeira Grande e a cooperativa de mulleres Sulada, e, en Nicaragua, co Inprhu-Somoto e as municipalidades da rexión de Madriz, para poñer en valor o seu patrimonio e riqueza natural e cultural arredor do turismo comunitario rural, área onde Galicia amais de financiamento pode achegar coñecemento e experiencia.

Na nosa comunidade impulsamos ademais unha convocatoria de proxectos para os axentes de cooperación galegos, que finalmente redundaron no apoio económico a seis proxectos de cooperación en Nicaragua, Honduras, Guatemala, Perú e India, que se executarán durante o 2015 xunto a seis ONGD con presenza real en Galicia e con proxectos

estratéxicos que defenden o municipio como espazo de nacemento do desenvolvemento humano. Un avance nesta lexislatura foi o perfeccionamento do proceso da convocatoria aberta e a inclusión nos propios proxectos a financiar de actividades de sensibilización e divulgación dos proxectos entre as administracións socias do Fondo.

En canto as nosas achegas ao exterior, temos tamén que destacar a doazón directa de 20.000€ en solidariedade con Palestina, distribuídos entre á UNRWA (Axencia das Nacións Unidas para os/as Refuxiados/as de Palestina), para o apoio psicosocial da poboación tras os bombardeos do verán en Gaza, e a Asociación Médica Hispano-Palestina, para o apoio sanitario á poboación da franxa. Na mesma Asemblea do 28 de outubro onde se fixeron públicas estas doazóns, lembrámonos de novo de Filipinas e do tifón Haiyán do ano 2013, e xunto con Acnur (Axencia das Nacións Unidas para os/as Refuxiados/as) realizamos unha nova doazón de 10.000€ para o apoio á poboación filipina.

En Galicia, a Rede Municipalista Solidaria demostrou de novo a súa capacidade para ser motor dun espazo galego, desde o local, de educación para a cidadanía global. Máis de 25.000 persoas participaron de maneira directa nas actividades do Fondo en máis de 60 concellos, nas exposicións itinerantes ou nos ciclos de cine, no espectáculo de contacontos da Tropa de Trapo, nas actividades sobre fotografía social relacionadas co concurso Imaxes con Fondo ou nas vinculadas aos nosos proxectos de cooperación internacional xunto á ONGD e arredor do Día internacional para a erradicación da pobreza en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD.

O traballo en rede suma e multiplica e a revolución das TIC que progresivamente acompañou os 17 anos de historia do Fondo xera as ferramentas tecnolóxicas para reducir os custes e aumentar as produtividades desta maior conectividade que precisan os tempos do século XXI e achegan as novas tecnoloxías.

Para a nosa asociación, ser un humilde exemplo para as redes de autoridades locais europeas que se organizan traballando en conxunto representa unha grande alegría e abre un horizonte de futuro tamén para o municipalismo galego: desde á cooperación internacional aos propios servizos sociais, da cultura á promoción do turismo.

Finalmente debemos agradecer en nome da Comisión Executiva a implicación de representantes políticas/os e técnicas/os en concellos e deputacións de todos os tamaños e cores, para sermos capaces de xerar todo o que esta Memoria 2014 amosa. Xa que, no Fondo, contan por riba de todo as persoas e por iso somos unha rede de institucións e persoas, onde o factor humano é un elemento crítico.

**Teresa París**
Presidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Asemblea de socios do Fondo Galego

Xuntanza da Comisión Executiva

# 1 TECIDO E VIDA ASOCIATIVA

O 2014 deu continuidade ás tendencias dos últimos anos na vida do Fondo Galego.

Primeiramente, e aínda co goteo de baixas de maneira xeral, seguiu destacando a resistencia á crise económica do modelo do Fondo Galego no contexto da cooperación descentralizada española.

Doutra banda, continuamos a incrementar a participación, as actividades e os públicos dentro da vida orgánica e actividades do Fondo Galego.

Como política pública de libre adscrición, a asociación rematou o 2014 con 87 concellos asociados, xunto as deputacións da Coruña e Lugo, o que fai un total de 89 socios de pleno dereito.

Do Fondo seguen a facer parte socios das catro provincias galegas, de todos os tamaños, os concellos medianos e os pequenos, os grandes e as cidades, os da costa e os do interior. Nos que gobernan uns e nos que gobernan outros.

En total, o Fondo representa a máis do 70% da sociedade galega, dous millóns de galegos e galegas que reiteradamente apoian en todas as enquisas de opinión os esforzos en materia de cooperación ao desenvolvemento por parte das administracións públicas.

Facemos agora un repaso polo funcionamento dos distintos órganos formais e informais da asociación.

Foto de familia tras a derradeira Asemblea Xeral de 2014

**Comisión Executiva**

A Comisión Executiva (CE) é o órgano de goberno do Fondo segundo os Estatutos da asociación. É un órgano plural que reflicte a filosofía de consenso coa que naceu o Fondo Galego. Durante o 2014 reuniuse en dez ocasións, a excepción dos meses de xuño e agosto.

A composición da CE sempre foi plural, como tamén continúa a selo nesta lexislatura. Fan parte dela os concellos de Redondela, Vigo, Allariz, Oleiros, A Coruña, Viveiro e Cambre xunto á Deputación de Lugo e a Secretaría do Fondo: o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), *think tank* promotor da asociación durante os anos 90.

A Comisión Executiva saída das eleccións locais de maio de 2011 segue a darlle forma ás Liñas Estratéxicas 2011-2015. Se no 2013 apostou por centrar a súa actividade usando como fío condutor o traballo de máis dunha década do Fondo Galego en Cabo Verde, no 2014 centrámonos na visibilización e reflexión arredor dos resultados dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (2000-2015) e os futuros Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (2015-2030).




Fonte: elaboración propia a partir de documentación obrante na Secretaría Técnica.

**Asemblea Xeral**

A Asemblea é o órgano colectivo e soberano do Fondo, onde participan todos os socios por medio dos seus representantes políticos/as.

No 2014 reuniuse en dúas ocasións, as dúas de maneira ordinaria.

Na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2014 celebrada en Santiago de Compostela, nas instalacións da Fegamp, a presidenta do Fondo Galego expuxo o terceiro informe de situación desde a súa chegada á CE, mentres que a tesoureira presentou o balance contable de 2013. Na Asemblea oficializáronse as baixas dos Concellos de Baiona, Mos e Salceda de Caselas.

O 22 de outubro de 2014, o Fondo Galego reuniu de novo á súa Asemblea de socios para ratificar a proposta de resolución de proxectos elaborada pola Comisión Executiva, previo informe da Secretaría do Fondo e da Comisión de representantes técnicas/os dos concellos. Deste xeito concluíase o proceso da convocatoria de proxectos para ONGD con presenza en Galicia que o Fondo abrira no mes de maio, tras a xuntanza do Consello Municipalista da Cooperación.

Canda a resolución de proxectos, a Asemblea Xeral do Fondo Galego aprobou destinar 20.000 euros a para a reconstrución de Gaza tras os bombardeos e a operación Protective Edge do verán de 2014, xunto á doazón de 10.000 euros á poboación afectada polo tifón Haiyán en Filipinas, lembrando o dramático paso do furacán no ano 2013 e a necesidade de reflexionar sobre os ritmos mediáticos en cuestións de cooperación e axuda humanitaria.

**Consello Municipalista da Cooperación (CMC)**

O CMC é o órgano de asesoramento e diálogo do Fondo Galego co tecido solidario en Galicia. No 2014 reuniuse o 22 de abril para presentar as bases da convocatoria de proxectos para ONGD con presenza en Galicia, previa consulta sobre as mesmas coa Coordinadora Galega de ONGD.

Participan do CMC durante esta lexislatura un total de 14 ONGD galegas ás que regularmente se lles informa vía

| Cargo | Entidade | Provincia | Política/o | Técnica/o | Datos de contacto |
|---|---|---|---|---|---|
| **Presidencia** | Redondela | Pontevedra | Teresa París | Purificación Hermelo Iglesias | R/Alfonso XII, 2 - 36800 Redondela (Pontevedra) 986 400 300 |
| **Vicepresidencia** | Vigo | Pontevedra | Isaura Abelairas | Rosa Alonso / Jesús Núñez Torrón | Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo (Pontevedra) 986 810 138 |
| **Secretaría** | Igadi | | | Daniel González Palau | Avenida Joselín, nº7, Portal 3, 4ºB, 36300, Baiona 698 156 127 |
| **Tesouraría** | Allariz | Ourense | Pilar Gallego Cid | Carmen Cid Pérez | Praza Maior, 1 - 32660 Allariz 988 554 059 |
| **Vogalía** | Cambre | A Coruña | María Jesús González Roel | Ricardo Puertas Mosquera | Adro, 1 - 15660 Cambre 981 613 128 |
| **Vogalía** | A Coruña | A Coruña | Javier Varela Carro | Isabel Fraga | Praza de María Pita, 1 - 15001 981 184 200 (ext. 33090) |
| **Vogalía** | Viveiro | Lugo | Isabel Rodríguez | Lorena Fernández Méndez | Praza Maior, 1 - 27850 982 560 128 |
| **Vogalía** | Deputación de Lugo | Lugo | Antonio Veiga Outeiro | Esther López Rodríguez | San Marcos, 8 - 27001 982 260 262 |
| **Vogalía** | Oleiros | A Coruña | Ángel García Seoane | Marga Figueroa | Praza de Galicia, 1 - 15173 981 610 000 |

O Consello Municipalista da Cooperación debateu as bases da convocatoria de proxectos

electrónica
do estado, proxecto e actividades da asociación. Para facer parte do CMC, tan só fai falla comunicar a vontade de pertencer ao mesmo.

**Rede Municipalista Solidaria**

A Rede Municipalista Solidaria é o mecanismo organizativo do Fondo, que implica a designación de representantes técnicas/os e representantes políticas/os nas entidades socias para a comunicación coa Secretaría do Fondo Galego.

Durante todo o ano, o método de comunicación é o teletraballo por medio de comunicacións electrónicas semanais, mais a RMS ten dúas paradas físicas en cada exercicio.

No 2014 reuniuse nas convocatorias do primeiro semestre, durante o mes marzo, nos concellos de Santiago de Compostela, Oleiros, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense .

Na convocatoria do segundo semestre e co obxectivo de avaliar de maneira colectiva o ano 2014, a RMS convocouse na Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o 17 de decembro.

**Rede de Comunicadoras/es Solidarias/os**

Desde o 2010, o Fondo activou unha política sistemática ao respecto da comunicación da organización, coa perspectiva de que comunicar ben os nosos esforzos e as nosas actividades é tamén sensibilizar. Desta maneira, identificáronse ao interior das entidades socias aos equipos de comunicación ou aos técnicos/as encargados da comunicación, para vinculalos ao traballo de comunicación do Fondo.

Así as cousas, durante o 2014 a Rede de Comunicadoras/es Solidarias/os seguiu funcionando de maneira regular, por medio de notas de prensa e comunicados segundo a evolución dos proxectos e actividades do Fondo, achegando ás entidades socias a capacidade de visibilizar a súa pertenza ao Fondo.

A Rede Municipalista Solidaria reuniuse en marzo e en novembro

# 2 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

O Fondo Galego é unha rede de institucións e de persoas que mutuamente se reforzan procurando un espazo propio, construído no local, para entroncar coas correntes mundiais de defensa e promoción dos Dereitos Humanos.

Desde a filosofía fundacional de colocar a solidariedade internacional por riba dos localismos e partidismos, o Fondo constituíuse coa vontade de formar parte da rede institucional, desde os concellos e as deputacións, que conforma a Autonomía de Galicia, como peza que contribúe desde o local á conexión, solidariedade e comprensión do global.

O Fondo é expresión dun compromiso municipalista, que nace da convicción de que o desenvolvemento humano brota no local. Un compromiso que, nacendo galego, foi quen de proxectar o seu modelo no contexto comunitario.

José Manuel Rey e Teresa París asinaron un novo convenio de colaboración

Xunto ás institucións, cabe sinalar a entrega e vontade de todas aquelas persoas que ao longo dos 17 anos da asociación participaron e apoiaron desde o seu compromiso a construción do Fondo Galego.

Desde a fidelidade ao proxecto do Fondo, desenvolvemos intensas relacións institucionais durante o 2014.

## FEGAMP

A relación de colaboración entre o Fondo Galego e a Fegamp é moi próxima, actuando o primeiro como axencia especializada no eido local en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento. A relación entre as dúas organizacións aséntase no propio proceso constitutivo do Fondo Galego nos anos 90.

Tras conversas iniciadas durante o 2013, o 5 de febreiro de 2014 formalizábase un novo marco de relacións entre as dúas entidades, por medio da sinatura dun novo convenio de colaboración entre as Presidencias da Fegamp e do Fondo Galego. O documento recoñece ao Fondo como a axencia do municipalismo galego para a cooperación inter-

nacional. O acordo actualiza o convenio de colaboración previo, da anualidade 2005.

Todas as Asembleas Xerais e Comisións Executivas celébranse nas instalacións administrativas da Fegamp e a sede social do Fondo atópase na sede da Federación. Actualmente, o Fondo conta cunha páxina propia na revista trimestral da Fegamp, *Concellos Galegos*.

## III PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA (2014 - 2017) - PARLAMENTO

Tras unha xuntanza co sector para presentar o documento estratéxico da Cooperación Galega para os próximos tres anos o día 9 de decembro de 2013, o III Plan Director 2014-2017 votouse o día 12 no Consello Galego de Cooperación (Congacode, máximo órgano de consulta do sector, establecido na Lei Galega de Cooperación de 2003), onde resultou aprobado por maioría co voto en contra da Coordinadora Galega de ONGD.

O Fondo Galego abstívose de participar no Congacode ao coincidir coas actividades da Irmandade Galicia-Cabo Verde que se celebraron entre o 8 e o 14 de decembro de 2013, para conmemorar once anos de traballo conxunto co municipalismo caboverdiano. Cómpre destacar que no Plan aprobado no Congacode, Cabo Verde, ademais de Guinea Bissau, desaparecía inicialmente como país prioritario da Cooperación Galega.

A Secretaría participou na xornada de alegacións ao III Plan Director da Cooperación Galega

Tras a aprobación no Congacode, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba a súa remisión para a súa aprobación definitiva no Parlamento de Galicia, que se retrasou até a discusión en Comisión o 17 de marzo de 2014.

Nese primeiro trimestre de 2014, o Fondo Galego mantivo contactos con todos os grupos parlamentarios presentes no Parlamento de Galicia: PP, PSdG, AGE e BNG, para trasladarlles as nosas suxestións de modificación do texto.

Así as cousas, o Fondo Galego trasladou aos grupos parlamentarios dúas orientacións de modificación centrais: 1. A inclusión entre os países prioritarios da Cooperación Galega de Cabo Verde e Guinea Bissau, para non perder a orientación estratéxica da cooperación galega no espazo xeopolítico da lusofonía e a especialización do Fondo en Cabo Verde, xunto a Cuba, país prioritario do Fondo Galego 2. A definición da Xunta de Galicia como socio protector do Fondo Galego, que dese estabilidade institucional e económica á asociación municipalista, tras as distintas reestruturacións de gasto realizadas no último trienio e que desconsideraran a relación Xunta de Galicia-Fondo Galego xa establecida no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013.

Finalmente, o III Plan Director foi aprobado cos votos en contra da oposición e a inclusión parcial das suxestión de modificación presentadas polo Fondo Galego, nas que si destaca a inclusión de Cabo Verde coma país prioritario para a Cooperación Galega. Sen aceptar a proposta de definir a Xunta de Galicia coma socio protector do Fondo Galego, o Plan 2014-2017 si establece o compromiso anual da Xunta de Galicia co Fondo Galego como actor estratéxico do sistema galego de cooperación.

## XUNTA DE GALICIA

O Fondo Galego e a Xunta de Galicia manteñen relacións de colaboración desde a fundación da entidade en 1997. Desde o ano 2000, asínanse con-

venios anuais ou bianuais (a excepción da anualidade 2013) para a realización de actividades de sensibilización, que axudaron a conformar o que hoxe é o motor organizativo do Fondo, a Rede Municipalista Solidaria e a articulación de actividades en Galicia.

O Plan de actividades 'Os Obxectivos do Milenio: Fin e Principios', foi eixo do convenio de colaboración no 2014 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e mais o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O convenio asinouse o 2 de xullo por parte da Vicepresidencia da Xunta e a Presidencia do Fondo Galego.

Durante os 17 anos de vida da asociación, a Xunta de Galicia foi un piar central do financiamento económico do Fondo Galego, representando o 50% do seu orzamento histórico, xa por medio dos convenios de sensibilización, xa a través de proxectos a prol do desenvolvemento humano no Sur, especialmente en Cabo Verde e Cuba.

Froito da grave crise económica actual estas achegas para proxectos diminuíron progresivamente desde o ano 2010, sendo 2012, 2013 e 2014 anos nos que o financiamento conxunto de proxectos foi conxelado.

## COORDINADORA GALEGA DE ONGD

Unha das dimensións transversais das Liñas Estratéxicas 2011-2015 do Fondo Galego é a de manter máis e mellores relacións co conxunto do terceiro sector en Galicia. Froito desta decisión, durante 2012, 2013 e 2014 afianzouse a relación de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, por medio da participación nos Consellos Municipalistas da Cooperación e as bases de convocatorias de proxectos de 2012, 2013 e 2014.

A súa vez, durante o 2014 repetimos o apoio mutuo entre as dúas entidades arredor do Día internacional para a erradicación da pobreza (17 de outubro), mobilizando recursos de ONGD entre os concellos interesados.

Varios concellos socios volveron acoller actividades de ONGD galegas arredor do 17 de outubro

Na mesma liña, participamos cedendo os nosos recursos e apoiando a difusión da campaña Impórtanos!, do Consello Municipal de Cooperación Internacional do Concello de Vigo, conformado por 14 ONGD con presenza na cidade.

## CONFEDERACIÓN DE FONDOS

A Confederación de Fondos engloba a nove Fondos de cooperación autonómicos de base local, que representan a máis de 1.000 entidades locais, que asumen a pertinencia do compromiso solidario coa cooperación internacional e os Dereitos Humanos.

No marco da reforma da administración local, o Fondo Galego participou o 4 de febreiro na Xornada: 'A cooperación internacional para o desenvolvemento desde os gobernos locais', organizada pola Confederación de Fondos, na sede da Federación Española de Municipios e Provincias (Femp), en Madrid.

Durante a lexislatura municipal 2011-2015, a Presidencia da Confederación recae no Fons Català, a Vicepresidencia no Fons Valenciá e a Secretaría no Fondo Andaluz (Famsi). O Fondo Galego participa na Confederación cunha vogalía, ao igual que o resto de membros: Euskal Fondoa, Fondo Estremeño e os Fondos das Illas Baleares, o Mallorquí e o Pitiús (Ibiza).

Destácase tamén nas relacións con outros Fondos municipais do Estado, a participación do Fondo Galego na Xornada 'Un mundo en emerxencia', celebrada o 13 de marzo en Barcelona, sobre o proxecto conxunto de postemerxencia en

A asociación interveu no debate organizado en Madrid pola Confederación de Fondos

Haití financiado entre o Fons Català e o Fondo Galego tras o terremoto de xaneiro de 2011.

## UNIÓN EUROPEA/ REDES PARA O DESENVOLVEMENTO (2010 - 2013 / 2014 - 2017)

No 2010 o Fondo Galego comezou a súa andaina no proxecto Redes para o Desenvolvemento, financiado pola Comisión Europea e impulsado desde Portugal polo Instituto Marqués de Val Flor de Lisboa, e a ONGD alemá Finep+, xunto a entidades locais dos dous países.

O Fondo tivo un rol no proxecto de asesor, ao ser Redes para o Desenvolvemento unha aposta por mellorar a calidade e a organización da cooperación descentralizada alemá e portuguesa. O Fondo e a súa metodoloxía organizativa teñen un modelo que presentar en canto a coherencia e visión de longo prazo, xunto á calidade e a sustentabilidade da acción, e esa é a súa función no proxecto, canda ao Igadi, no seu día animador da idea en Galicia.

En decembro de 2013 comunicóusenos que a UE aprobaba a segunda fase do proxecto 2014-2017 de Redes para o Desenvolvemento, centrada na promoción de redes descentralizadas para a difusión da educación para a cidadanía global, contando ademais desta volta con concellos holandeses, amais de portugueses e alemáns.

O encontro en Holanda incluíu a visita a actividades de educación para a cidadanía global

Así as cousas, o 24 de marzo de 2014 deu inicio en Lisboa a segunda fase de Redes para o Desenvolvemento (Networking for Development) co primeiro encontro de coordinación, que deu lugar ás dúas primeiras actividades, nas que participou o Fondo Galego.

Primeiramente presentando, entre o 1 e o 4 de outubro, a experiencia, historia e modelo do Fondo Galego nos Concellos de Amsterdam e de Helmond, participando en senllas xornadas sobre educación para a cidadanía global, organizadas polo parceiro holandés do proxecto: a Rede de irmandamentos locais Holanda-Nicaragua.

Posteriormente, o 10 de novembro unha delegación técnica e política do Fondo Galego participou, na Cámara Municipal de Maia, nun obradoiro canda representantes políticas/os e técnicas/os das 13 cámaras portuguesas da Rede Intermunicipal de Cooperação para o Desenvolvimento.

No marco europeo, debemos destacar o convite á participación do Fondo Galego no *Foro da cooperación municipalista desde a Unión Europea* celebrado en Mallorca o 25 e 26 de setembro, coa presentación do seu modelo de funcionamento en rede na mesa 'Autoridades locais e organizacións da sociedade civil'. Neste evento participaron entidades de cooperación descentralizada europea de dez Estados da UE, xunto a representantes do goberno balear, ONGD e a propia Unión Europea.

# 3 PROXECTOS

## PANORÁMICA 2014

## COOPERACIÓN DIRECTA

Nicaragua-Inprhu-Somoto

CaboVerde-Cámara Municipal de Ribeira Grande/Asociación de Cooperación con Cabo Verde

## COOPERACIÓN INDIRECTA

Proxectos en execución durante o 2014 aprobados na convocatoria de proxectos 2013 e 2012

**Convocatoria 2014**

Guatemala-Arquitectura sen Fronteiras

Honduras-Enxeñería sen Fronteiras

Nicaragua-Amigos da Terra e Taller de Solidaridad

Perú-Intered

India-Implicadas

## AXUDA DE EMERXENCIA

# PANORÁMICA 2014

A aposta polas accións de cooperación realizadas en Galicia e desde Galicia, a posta en valor e fortalecemento das nosas ONGD e a firme convicción da necesidade de seguir contribuíndo ao cumprimento dos Dereitos Humanos universais a nivel mundial a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, son as notas distintivas que definen o ano 2014 neste eido.

As achegas do Fondo Galego a proxectos de cooperación ao desenvolvemento suman 241.917,73€, cifra que recolle os importes de cooperación indirecta, directa e as doazóns para Gaza e Filipinas de apoio psicosocial, médico e de reconstrución.

Ademais do esforzo económico na área de proxectos de cooperación para o desenvolvemento ao longo do 2014, cómpre apuntar outros aspectos a ter en conta e que resumen a actividade realizada en torno a esta materia:

1. No ano 2014 financiáronse un total de **oito proxectos de cooperación** ao desenvolvemento, dous de **cooperación directa**, en Cabo Verde e Nicaragua, coa achega extraordinaria do **Concello de Vigo** e outros seis de **cooperación indirecta** en Nicaragua, Perú, India, Guatemala e Honduras. Incrementouse, polo tanto, o número de proxectos financiados con respecto a 2012 e 2013, pasando de cinco proxectos apoiados a un total de oito. O incremento produciuse na modalidade de cooperación indirecta, pois pasouse de tres proxectos cofinanciados no 2013 a seis en 2014.

2. Destacar tamén que, continuando co traballo e aposta por fortalecer aos axentes galegos de cooperación, especialmente ás ONGD galegas ou con presenza real en Galicia, levouse a cabo a **convocatoria aberta de proxectos**, canalizándose a través da mesma o 69,96% dos fondos destinados a proxectos de cooperación. No ano 2014, catorce axentes da cooperación galega presentaron as súas propostas a dita convocatoria, unha menos que no 2013 e cinco máis que no 2012. No entanto, continuamos a non acadar os datos de participación do ano 2010, na que participaron un total de 22 axentes de cooperación.

3. Cabe sinalar que os proxectos aprobados para financiamento no 2014, a través da convocatoria aberta de proxectos, teñen planificado o groso da execución no ano 2015.

4. Por segundo ano consecutivo, a convocatoria incluía a obriga de acompañar cada proxecto de cooperación presentado cunha **actividade de sensibilización a realizar en Galicia**. Deste xeito, cada un dos seis proxectos de cooperación indirecta

O Fondo Galego destinou 20.000€ a axuda de emerxencia para poboación palestina

apoiados leva consigo unha actividade de sensibilización asociada. Este requirimento é unha fórmula para tratar de achegarlle á cidadanía galega o contexto e as problemáticas dos países cos que traballamos, promover a multiculturalidade, dar a coñecer os proxectos de cooperación que apoiamos e fomentar unha cultura de Dereitos Humanos.

5. As **doazóns** a entidades especializadas en axuda de emerxencia triplicáronse, pasando de 10.000€ no 2013 a 30.000€ no 2014. Ademais de continuar apoiando á poboación máis fortemente abatida polo tifón Haiyán en Filipinas, este ano, e dada a ofensiva israelí sobre Palestina acontecida no verán, o Fondo Galego non dubidou en contribuír con dúas organizacións experimentadas para tratar de mellorar a situación das e dos superviventes en Gaza.

6. A **visibilización dos proxectos apoiados** polo Fondo Galego no exterior, ben de xeito directo como indirecto, foi unha meta proposta no ano 2013 por primeira vez na historia da asociación municipalista, e que deu como resultado neste segundo ano de implementación a elaboración dun plan de visibilización dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento, tomando como referencia o propio ciclo dos proxectos, as datas de conmemoración internacionais e os reportes mensuais de execución. A páxina web, as redes sociais e os boletíns á Rede Municipalista Solidaria foron os medios habituais para difundir as novidades e contidos dos proxectos, conseguindo que calquera entidade socia ou persoa interesada poida acceder dun modo máis sinxelo a esta información, resaltando tamén o amplo traballo e experiencia por parte do Fondo Galego.

En Guatemala impúlsase unha iniciativa produtiva local, cooperativa, sostible e autosuficiente

Os produtos producidos a raíz do proxecto en Nicaragua véndense en feiras de artesanía

# COOPERACIÓN DIRECTA

## IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN 11 COMUNIDADES PRÓXIMAS AO CANÓN DE SOMOTO COMO FERRAMENTA DE LOITA CONTRA A POBREZA (NICARAGUA)

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Municipalidades de Totogalpa e Somoto. Departamento de Madriz. Nicaragua. |
| **DURACIÓN** | 7 meses |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 235 |
| **PARCEIRO LOCAL** | INPRHU-Somoto |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 42.519,42€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 5.608,94€ |
| **ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO** | 26.000,00€ |
| **ACHEGA DO INPRHU-SOMOTO** | 10.910,48€ |

### RESUMO

O presente proxecto provén dunha primeira fase de execución financiada pola Aecid no ano 2010. O proxecto foi parte dunha estratexia integral de desenvolvemento turístico rural comunitario, que buscaba a redistribución do turismo nacional e internacional cara os municipios do interior de Nicaragua, onde se concentran as grandes bolsas de pobreza, a fin de aproveitar o desenvolvemento turístico sostible como ferramenta de loita contra a pobreza, valorizando os recursos da zona (culturais, históricos e naturais).

Nesta primeira fase de execución, enfatizouse na formación técnica e produtiva das actividades microempresariais das/os poboadoras/es, brindando capacitación e acompañamento técnico, material e financieiro a 235 microempresarias/os de panadería, gastronomía e artesanía. Tamén se apoiou aos grupos musicais e de danza tradicionais e fomentouse a capacidade de acollida de turistas a través da formación de 25 guías turísticas/os e 17 promotoras/es turísticos.

Instalación de panel solar no ecoalbergue de Palmira

Con esta segunda fase tratouse de ampliar e fortalecer a oferta turística nos municipios de Totogalpa e Somoto. Este proxecto buscou consolidar a oferta de servizos desenvolvida na primeira fase, polo que se fixo incidencia no fortalecemento da oferta turística e a capacitación en turismo rural sustentable a poboadoras/es, así como a construción e adquisición de mobiliario para o ecoalbergue. Así mesmo, buscouse o aproveitamento dos atractivos turísticos e culturais que posúe a área de intervención, combinando o turismo de aventura que ofrece o Canón de Somoto co turismo máis individualizado onde a/o turista comparte e vive a cotidianiedade das poboadoras e poboadores, incorporándose ás actividades agrícolas e do fogar.

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír á mellora do nivel de vida de 235 persoas localizadas en 9 comunidades do municipio de Totogalpa e 2 de Somoto.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incrementados os ingresos económicos de 235 persoas de 9 comunidades de Totogalpa e 2 de Somoto a través do aproveitamento do potencial turístico da zona, con enfoque sustentable e de potenciación da identidade cultural.

## RESULTADOS

1. Fortalecida a capacidade de acollida de turistas nos municipios de Totogalpa e Somoto.
2. Mellorada a calidade da oferta e dos servizos turísticos dos municipios de Totogalpa e Somoto.
3. Posicionados e recoñecidos a nivel rexional os municipios de Totogalpa e Somoto como destinos turísticos atractivos.

## ACTIVIDADES

**Acondicionar o ecoalbergue de Palmira (Totogalpa) para o aloxamento, animación e recreación de turistas:** O ecoalbergue foi construído na primeira fase do programa e quedou dotado de latrinas e baños colectivos, planta eléctrica, 14 prazas para aloxamento e ofrece servizos de restauración. Tamén brinda servizos adicionais de sendeirismo guiados, visitas aos atractivos naturais, arqueolóxicos e obradoiros de artesanías. Co presente proxecto introducíronse as seguintes melloras a petición das/dos turistas:

- Substituír as latrinas por inodoros e incluír baños nas habitacións.
- Instalación de panel de enerxía solar.
- Adquisición dun refrixerador para conservación dos alimentos.
- Creación de espazos para atención de grupos.

**Capacitar sobre servizos de calidade e atención ao cliente a prestadoras/es de servizos de alimentacion e vendedoras de produtos alimentarios:** As persoas involucradas nesta formación adquiriron coñecementos para unha mellorar a administración e rendabilidade dos seus negocios e a hixiene e inocuidade dos produtos que ofertan.

**Capacitar sobre novos deseños e mellora da calidade de catro tipos de artesanías de identidade chorotega (manualidades, oleiría, talabartería e entomoloxía)**: Ademais destes eventos, tamén se tiñan previstas dúas xiras de intercambio para coñecer outras experiencias en lugares onde as artesás levan anos traballando con éxito.

**Xiras de intercambio:** Realizáronse dúas xiras de intercambio e participaron 25 persoas en cada unha. O obxectivo das xiras foi aprender doutras persoas empresarias que teñen experiencia en turismo rural comunitario. Visitáronse iniciativas exitosas de Miraflor, Tisey e Estelí, que teñen máis de vinte anos de traxectoria neste tipo de turismo.

**Edición e distribución dun tríptico coa oferta turística de Totogalpa e Somoto:** Deseñouse e imprimiuse un tríptico sobre a oferta turística de Totogalpa e Somoto, coa finalidade de dar a coñecer esta zona no eido estatal. As copias foron distribuídas entre touroperadoras nicaraguanas, a fin de chamar a atención do potencial turismo nacional.

**Producir viñetas televisivas e difusión en canles locais:** Elaborouse un vídeo promocional de 12 minutos de duración para difundir por canles locais e nas terminais de autobuses da rexión de Managua.

Mozas e mozos que cursaron a formación en entomoloxía

# COOPERATIVA SULADA. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Municipio de Ribeira Grande de Santiago, Illa de Santiago, Cabo Verde |
| **DURACIÓN** | 7 meses |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 30 |
| **PARCEIRO LOCAL** | Cámara Municipal de Ribeira Grande de Santiago |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 31.041,81€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 9.627€ |
| **ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO** | 18.363,00€ |
| **ACHEGA DO MUNICIPIO DE RIBEIRA GRANDE** | 3.051,81€ |



As beneficiarias recibiron clases de alfabetización

## RESUMO:

O concello de Ribeira Grande é un dos máis empobrecidos da illa de Santiago e o que posúe a taxa máis baixa de alfabetización no país (62,2%). As localidades de Gouveia e Porto Mosquito son das máis empobrecidas de Cabo Verde.

Desde o ano 2006 a Asociación para a Cooperación con Cabo Verde ten apoiado a un grupo de mulleres das localidades de Gouveia, Cidade Vella, porto Mosquito e Salineiro, que tras ser formadas na produción de diversos artesanados participan nunha experiencia conxunta de produción e comercialización, como é o Espazo Artesanado Sulada. O proceso de empoderamento socioeconómico deste grupo iniciouse co financiamento da Aecid.

O grupo de mulleres produtoras, convertido actualmente en cooperativa, está integrado por 30 persoas. A cooperativa precisa un acompañamento institucional forte para a xestión da produción e da propia cooperativa e de fortalecemento da autoestima das mulleres e da confianza nas súas capacidades ante este novo reto.

A Asociación para a Cooperación con Cabo Verde foi a encargada de coordinar e executar as actividades do proxecto, canda a Cámara Municipal de Ribeira Grande de Santiago.

## OBXECTIVO XERAL

Promover a equidade e a igualdade de xénero a través do empoderamento socioeconómico dos grupos de produtoras da zona costeira de Ribeira Grande de Santiago.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

O grupo de produtoras organizado nunha cooperativa de produción terá unha capacidade autónoma na xeración de ingresos e xestión da produción.

## RESULTADOS:

1. A cooperativa Sulada ve mellorados os niveis de capacitación en xestión da produción e comercialización dos seus produtos.
2. Incrementadas as posibilidades de empregabilidade entre as mozas do municipio.
3. Estendidos os mercados existentes e atopados novos mercados e clientes para os seus produtos.

## ACTIVIDADES:

**Formación en xestión, contabilidade, marketing, internet, etc**: A maioría das capacitacións previstas foron un éxito. A pesar dos grandes beneficios e da forte participación das produtoras, percíbese aínda unha necesidade de formación en contabilidade e en internet.

**Acompañamento da produción para mellorar a calidade dos produtos**: Levouse a cabo ao longo de todo o proxecto. Precisouse dunha experta en produción de xabóns e outra en produción de artesanías. Esta actividade foi necesaria para obter maior calidade no resultado final dos produtos.

Grupo de integrantes da cooperativa Sulada xunto coa formadora en xabóns e cosméticos, a boirense Ana Vázquez

**Alfabetización das produtoras mozas e adultas nas comunidades do proxecto:** Entre as produtoras hai unhas 20 mulleres analfabetas, polo que esta actividade foi imprescindible. As clases tiveron lugar diariamente, cunha duración de 2 a 3 tres horas, durante 6 meses.

**Formación en mellora da produción de cosméticos e xabóns:** Para levar a cabo esta actividade foi necesario contar co servizo dunha experta en elaboración de xabóns e cosméticos artesanais. Ana Vázquez, do Concello de Boiro, foi identificada como a persoa para impartir estas formacións durante un período de dez días. Así mesmo, Ana Vázquez continúa dando apoio á cooperativa desde Galicia de xeito voluntario, unha vez xa rematado o proxecto.

**Sesións de sensibilización e de educación en áreas de reforzo da cidadanía, da democracia, da autoestima, saúde reprodutiva, etc:** Realizouse unha sesión de sensibilización en autoestima e saúde reprodutiva para as mulleres beneficiarias do proxecto. Non puideron impartirse máis debido á falta de tempo das mulleres para asistir, moi involucradas nas outras actividades de formación.

**Adquisición de materia prima:** Compra de materiais para elaboración das artesanías.

**Promoción do programa de voluntariado entre as mulleres das comunidades para facer de axente de vendas na illa, cun apoio económico mensual:** Promoveuse un programa de voluntariado que tivo por obxectivo a dinamización das vendas dos produtos da cooperativa noutras municipalidades. Seleccionouse unha única voluntaria procedente do seo das produtoras por propia decisión da cooperativa. Escolléronse as localidades de Praia e de Cidade Vella para ampliar mercados.

A elaboración de xabóns artesanais é unha das principais actividades de Sulada

**Creación dunha rede de vendas online e reforzo da venda tradicional:** Creáronse unha páxina web e un perfil de Facebook para potenciar a venda de produtos da cooperativa.

**Definición de puntos estratéxicos para montaxe de puntos de venda:** Fíxose un diagnóstico para colocar dous pequenos quioscos en dúas localidades para a venda de produtos da cooperativa.

As mulleres recibiron formación en contabilidade para a xestión da cooperativa

# PROXECTOS EN EXECUCIÓN DURANTE O 2014 APROBADOS NAS CONVOCATORIAS DE PROXECTOS 2013 E 2012

A convocatoria aberta para axentes galegos de cooperación do ano 2013 deu como resultado o financiamento de tres proxectos de ONGD galegas ou con presenza en Galicia: Asemblea de Cooperación pola Paz, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e Ecos do Sur. Cuba, El Salvador e Mozambique son os países nos que se desenvolveron estes proxectos no 2014, aprobados para financiamento no último trimestre do 2013. Os sectores de actuación son principalmente dous: prevención de desastres nos dous primeiros e auga e saneamento no país lusófono. Mais a nota común que une aos tres proxectos é o traballo feito en coordinación e colaboración coas autoridades municipais en terreo para promover o bo goberno, o fortalecemento das institucións locais e a participación democrática da cidadanía.

Os proxectos, iniciados a finais do 2014, deron remate nese mesmo ano, agás o apoiado xunto con Asemblea de Cooperación pola Paz en Cuba, no que houbo que estender a execución ata o primeiro trimestre do 2015 por problemas alleos ao control do proxecto.

A **ONGD Asociación Galega de Reporteiros Solidarios** puxo en marcha en xaneiro de 2014 as actividades do proxecto **'Prevención e redución da vulnerabilidade de risco de inundacións nas comunidades e centros escolares dos municipios de Tecoluca e Zacatecoluca (El Salvador) a través da mitigación, sensibilización e educación ambiental'**, que ascendía a 38.306,04€, cunha achega do Fondo Galego de 29.345,76€. O proxecto tivo por obxectivo fortalecer as capacidades e habilidades do alumnado de 11 centros escolares e 12 Comisións Comunais de Protección Civil dos municipios de Tecoluca e Zacatecoluca, a través da mitigación, sensibilización e educación ambiental, así coma amplificar a capacidade de reacción da veciñanza ante unha emerxencia a través da radio comunitaria. O proxecto contou con 10 meses de execución, nos que se realizaron as seguintes actividades: impartir obradoiros ambientais para os 11 centros educativos, de prevención e preservación de medios de vida para as Comisións Comunais de Protección Civil, crear un programa de radio sobre protección do medio ambiente na emisora comunitaria Radio Tehuacán, realizar 10 espazos radiofónicos específicos sobre a temática das capacitacións e gravar un programa co alumnado dos 11 centros escolares nos que se impartiron as capacitacións.

Alumnado participante nun programa de radio no seu centro de ensino

As actuacións en El Salvador remataron no mes de outubro, se ben a acción de sensibilización en Galicia vinculada ao proxecto tivo lugar no mes de decembro de 2014. Consistiu na proxección dun documental divulgativo sobre

a vulnerabilidade ambiental na rexión do Bajo Lempa (El Salvador) e as actividades que desenvolve alí a mocidade para contribuír a diminuír os riscos de catástrofes medioambientais, en 9 centros de ensino de 9 concellos galegos. Tres persoas voluntarias de Agareso viaxaron ata o proxecto para gravar o vídeo. As proxeccións acompañáronse cunha charla explicativa do contexto de El Salvador, os seus problemas ambientais e o proxecto apoiado por ambas organizacións.

A actividade desenvolveuse nos seguintes municipios:

| CONCELLO | CENTRO DE ENSINO | DATA |
|---|---|---|
| A Pobra do Caramiñal | IES da Pobra | 1/12 e 3/12 |
| Fene | IES Fene | 2/12 |
| Bergondo | CPI Cruz do Sar | 5/12 |
| Vigo | IES Rosais 2 | 11/12 |
| Cabanas | IES Fraga do Eume | 15/12 |
| Poio | IES de Poio | 16/12 |
| A Estrada | IES Antón Losada | 17/12 |
| Pontecesures | CPI de Pontecesures | 18/12 |
| Boiro | IES Praia Barraña | 4/12 |

Previamente, no mes de abril deste mesmo ano, Agareso recibiu a **visita de dúas reporteiras e un reporteiro da emisora comunitaria salvadoreña Radio Tehuacán**, implicada no presente proxecto. A súa estadía propiciou a realización de actividades de sensibilización non previstas inicialmente en dous concellos socios. O alumnado de 3º e 4º da ESO do IES Frei Martín Sarmiento, do Concello de Pontevedra, e o alumnado de 1º da ESO do IES Mendiño, do Concello de Redondela, acolleron o 7 de abril esta visita para achegarlles ás mozas e mozos a realidade centroamericana, concienciándoos sobre a importancia da participación comunitaria e de ter un discurso propio sobre as problemáticas que afectan á nosa contorna.

Tres representantes de Radio Tehuacán na visita ao IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra). FOTO: Javier Cervera / Agareso

O proxecto '**Mellora nas condicións educativas da escola e centro infantil de Hitakula das Mahotas (Mozambique)'**, da **ONGD Ecos do Sur**, ascendeu a 25.276,48€, dos que o Fondo Galego achegou un total de 17.999,38€. O proxecto, executado entre xaneiro e outubro do 2014, tivo por obxectivo mellorar o acceso ao saneamento básico do alumnado mediante a construción, reparación e habilitación de servizos sanitarios así como a promoción da educación en hixiene

e saúde. Deu resposta ás problemáticas derivadas do deterioro das instalacións de auga e saneamento debido ao crecemento exponencial do alumnado nos últimos anos por mor do éxodo rural: derrame de augas fecais pola deficiente capacidade das fosas sépticas, epidemias e enfermidades, falta de seguridade pola carencia de portas axeitadas e fechaduras nos sanitarios, absentismo escolar das nenas orixinado pola ausencia de seguridade e intimidade nos sanitarios.

As actividades planificadas polo proxecto foron: limpeza e ampliación de fosas sépticas, construción de 4 desaugues, colocación das portas e pechaduras nos aseos, instalación de sanitarios, creación e formación dun grupo de axentes promotoras/es en temas de hixiene, saneamento e prevención e concienciación medioambiental para que incidan na súa comunidade, e creación de tres Brigadas Verdes, formadas por estudantes, nais/pais do alumnado e mais profesorado, para transmitir entre a veciñanza os valores do respecto ambiental.

O documental 'Comunicando comunidades' proxectouse no IES Rosais 2 de Vigo e noutros oito municipios

Un total de 195 estudantes e 6 docentes recibiron formación sobre auga e saneamento, uso e conservación da auga, hixiene, mantemento das latrinas e tratamento do lixo

Actividade de sensibilización no CEIP Virxe do Carme, no Concello de Burela

Complementariamente ás accións en terreo, executouse unha actividade de sensibilización e difusión do proxecto en catro escolas galegas, a través da que se promoveu o coñecemento da situación do país (Mozambique), a interculturalidade e os logros que se acadan a través da cooperación ao desenvolvemento, facendo especial fincapé en materia de saúde e medio ambiente. Tratouse de concentrar as actividades arredor do día 25 de maio, Día Mundial de África. Os concellos beneficiados pola actividade foron os seguintes:

| CONCELLO | CENTRO DE ENSINO | DATA |
|---|---|---|
| Concello de Culleredo | CEIP Ría do Burgo | 20/05 e 21/05 |
| Concello das Pontes | CEIP A Fraga | 29/05 e 30/05 |
| Concello de Burela | CEIP Vista Alegre | 28/10 |
| | CEIP Virxe do Carme | 21/10 e 28/10 |

O proxecto impulsado canda ACPP na Habana céntrase na rehabilitación da torre do Convento e Belén

O Concello de Manzaneda acolleu no mes de decembro unha actividade sobre compostaxe da man de Amigos da Terra

A **ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz** está a executar desde abril de 2014 o proxecto **'Mellora das capacidades para a prevención de desastres da poboación de La Habana Vieja, recuperando o patrimonio cultural do municipio (Cidade de La Habana. Cuba)'**, cun orzamento total de 36.879,84€, dos que o Fondo Galego achega 29.463,15€. O proxecto, que ten previsto rematar en marzo de 2015, ten por obxectivo fomentar as capacidades de prevención de desastres da poboación de La Habana Vieja, contribuído á recuperación dun Ben de Interese Cultural da cidade de La Habana como é o Convento de Belén. O antigo Convento de Belén, edificio do século XVIII, declarado Ben de Interese Cultural pola UNESCO en 1982, é un espazo de 12.100 m$^2$ de superficie que está a ser rehabilitado en varias fases pola Oficina do Conservador da cidade para o seu emprego como centro de servizos sociais. Grazas a esta actuación integral, xa conta cun centro de día, un fogar para persoas da terceira idade, unha escola de arte e un centro de evacuación ante desastres naturais. Co presente proxecto contribuirase á creación dun Centro de Interpretación da Meteoroloxía para a prevención de desastres, emprazado na torre. Este Centro realizará un labor pedagóxico que reforzará o coñecemento e a sensibilización da poboación fronte aos procesos climatolóxicos que se producen en Cuba e que afectan de xeito periódico a La Habana Vieja en forma de tormentas tropicais e furacáns. Estes desastres naturais deixaron ao longo da historia da cidade grandes danos ao seu paso, e o labor educativo, de coñecemento do proceso destes fenómenos na illa, supón unas das formas máis eficaces de prevención.

Asemade, en Galicia levarase a cabo no mes de marzo de 2015 un plan de sensibilización sobre desastres naturais no Caribe, que inclúe: montaxe da exposición 'Dende o Sur', que mostra parte do traballo de ACPP en Honduras e República Dominicana desde a mirada de Manu Brabo (Premio Pulitzer) e Tania Juan, xunto con charla explicativa, en dous municipios socios do Fondo Galego; e a realización de tres charlas de sensibilización sobre a importancia da prevención dos desastres en tres centros de ensino de tres localidades socias do Fondo Galego.

A **ONGD Amigos da Terra** desenvolveu o 10 de decembro no Espazo de Lecer de Manzaneda un obradoiro de compostaxe. Dar a coñecer a alternativa da compostaxe como modelo de xestión dos refugallos económica, ecolóxica e socialmente sustentable era o obxectivo desta actividade de sensibilización na que se montou un composteiro, se proxectaron vídeos prácticos e se instalou unha exposición explicativa. Durante a sesión informativa e formativa tamén se analizaron de xeito crítico as problemáticas derivadas do actual modelo de xestión dos residuos e se puxeron de relevo as vantaxes da compostaxe. A actividade de sensibilización estivo vinculada ao proxecto "Fortalecemento das capacidades locais na xestión ambiental de dúas Áreas Protexidas do Golfo de Fonseca, sector Nicaragua (Nicaragua)", aprobado para financiamento na convocatoria do 2012 e que tivo o groso da súa execución durante o 2013. Esta actividade viu a pechar as actividades realtivas ao proxecto.

# COOPERACIÓN INDIRECTA

## PROXECTO "B´ELJUJ Q´ANIL" DE FORTALECEMENTO DOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO AUTÓNOMO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA EQUIDADE DE XÉNERO DE 16 COMUNIDADES DO DEPARTAMENTO DE RETALHULEU, GUATEMALA

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Departamento de Retalhuleu. Guatemala |
| **DURACIÓN** | 6 meses |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | Arquitectura Sen Fronteiras |
| **PARCEIRO LOCAL** | Asociación Indígena Agropecuaria Pro-Desarrollo Integral (ASIAPRODI) |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 67 persoas |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 36.310,32€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 28.442,50€ |
| **ACHEGA DE ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS** | 4.610,00€ |
| **ACHEGA DA COPARTE** | 2.808,00€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 449,82€ |

### RESUMO:

O proxecto pretende dar seguimento á liña de Fortalecemento Comunitario do Programa "Oxlajuj Tzíkin" impulsado pola Xunta de Galicia, entre os anos 2008 e 2012, en 16 comunidades do Departamento de Retalhuleu, en Guatemala. Como parte do mesmo, impulsouse a creación de varias estruturas comunitarias para liderar os procesos de desenvolvemento das súas comunidades, de modo que estas tivesen un papel fundamental na toma de decisións sobre o seu desenvolvemento.

Neste contexto, o proxecto ten como obxectivo fortalecer os medios e as capacidades destas 16 comunidades, para liderar un proceso de desenvolvemento autónomo.

A primeira liña de traballo pretende fortalecer as capacidades de xestión, produtividade e comercialización da cooperativa comunitaria B´eljuj Q´anil, co obxectivo de que se converta nunha ferramenta eficaz e sostible de xeración de fondos propios para o desenvolvemento das comunidades. A segunda liña traballará cos/as representantes comunitarios/as da cooperativa e do Consello de Autoridades Comunitarias do Sur, co obxectivo de fortalecer o liderado destas estruturas comunitarias, desenvolver mecanismos de priorización, xestión, supervisión e control dos proxectos comunitarios e promover a toma de decisións de xeito participativo e inclusivo.

A actividade de Educación para o Desenvolvemento en Galicia céntrase na temática da economía social de base comunitaria. Tratarase de tanxibilizar o traballo cooperativo coma unha ferramenta de autodesenvolvemento na costa sur de Guatemala e con paralelos en Galicia. A tal efecto prográmase a realización de dúas accións conxuntas: unhas xornadas en cinco concellos e un foro de conclusións onde reflexionar sobre o feito de cooperar e cooperativizar, na Deputación da Coruña.

O proxecto, iniciado en decembro de 2014, terá o groso da súa execución ao longo do 2015.

Homes e mulleres beneficiarias do proxecto en Guatemala

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír á participación da sociedade civil do Departamento de Retalhuleu (Guatemala) no desenvolvemento socioeconómico autónomo da poboación.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fortalecer os procesos autónomos de desenvolvemento de 16 comunidades do municipio de Champerico a través do impulso dunha iniciativa produtiva local, cooperativa, sostible e autosuficiente.

## RESULTADOS

1. Fortalecida a cooperativa comunitaria de materiais de construción B´eljuj Q´anil.
2. Fortalecidos os procesos de organización e xestión das 16 comunidades integrantes da cooperativa B´eljuj Q´anil.

## ACTIVIDADES

**Accións de mellora da xestión da cooperativa:** Capacitación para implementar mecanismos de control da xestión para mellorar o funcionamento administrativo e de xestión, as compras e as vendas.

**Capacitación específica ás mulleres cooperativistas para mellorar os seus coñecementos técnicos en aspectos de xerencia e xestión:** Formación para as mulleres cooperativistas para estar máis seguras e participar de forma activa nos espazos de decisión da cooperativa.

**Accións de mellora da produtividade da cooperativa:** Ampliarase a zona de secado de bloque, o espazo de almacenamento e mercarase un carro hidráulico transportador.

**Ampliación da oferta de produtos da cooperativa:** Co fin de ampliar a oferta de produtos dispoñibles, poranse en marcha as accións para a fabricación de novos materiais.

**Elaboración e execución dun plan de comercialización:** Elaborarase por parte de profesionais especializados un plan de comercialización que aproveite as potencialidades da cooperativa.

**Elaboración dunha páxina web corporativa.**

**Seguimento da calidade dos materiais:** Contarase co asesoramento de persoal técnico externo para o seguimento da calidade dos materiais e a adecuada calibración da maquinaria.

**Visitas de intercambio de experiencias con outras cooperativas comunitarias de éxito:** Visitas a cooperativas comunitarias guatemaltecas exitosas, co obxectivo de aprender desas experiencias.

**Participación na X Conferencia Nacional da Muller:** O grupo de mulleres da cooperativa participará a X Conferencia Nacional da Muller.

**Reunións de diagnóstico, análise e priorización das necesidades das comunidades:** Xuntanzas mensuais co Consello de Autoridades Comunitarias do Sur e a cooperativa B´eljuj Q´anil para analizar as problemáticas e procura de solucións.

**Capacitación específica ás mulleres do Consello de Autoridades Comunitarias do Sur para o fomento das súas capacidades nos espazos de decisión:** Formación sobre o empoderamento das mulleres, dirixida ás propias donas, e posteriormente a todas as persoas do Consello.

**Toma de decisión sobre o proxecto comunitario a executar cos beneficios da cooperativa e execución do mesmo:** Definición do proxecto social que se levará a cabo nalgunha ou varias das comunidades asociadas.

Traballadoras da cooperativa de materiais de construción B´eljuj Q´anil

# FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES LOCAIS PARA MELLORAR O ACCESO AO DEREITO A AUGA POTABLE E SANEAMENTO A TRAVÉS DA XESTIÓN INTEGRADA DO RECURSO HÍDRICO NOS 7 MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE NASMAR

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Golfo de Fonseca. Honduras |
| **DURACIÓN** | 10 meses |
| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia |
| **PARCEIRO LOCAL** | Mancomunidade dos municipios costeiros do Golfo de Fonseca - NASMAR |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 565 |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 35.931,08€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 28.416,47€ |
| **ACHEGA DE ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA** | 2.280,00€ |
| **ACHEGA DA COPARTE** | 3.884,62€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 1.350,00€ |

## RESUMO

Este proxecto xorde como unha nova fase do programa 'Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, o saneamento e a xestión sostible dos recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica en El Salvador, Honduras e Nicaragua', financiado principalmente pola Aecid e a Xunta de Galicia desde o ano 2009 ata o 2012.

ESF Galicia continuou as actividades no sector de auga e saneamento no municipio de Marcovia, como o proxecto 'Fortalecemento das capacidades de xestión dos recursos hídricos do persoal técnico da municipalidade de Marcovia (Honduras)', financiado no 2012 polo Fondo Galego.

Xuntanza de coordinación das entidades implicadas ao inicio do proxecto

Neste caso, o presente proxecto pretende traballar no fortalecemento de capacidades das institucións municipais na xestión de recursos hídricos. Para isto, ESF Galicia conta cun novo parceiro local, a Mancomunidade de NASMAR, a través da cal será posible ampliar e difundir as prácticas de xestión integral do recurso hídrico aos 7 municipios da zona do Golfo de Fonseca que a integran. Ademais, o municipio de Marcovia, que pertence tamén á Mancomunidade, apoiará e será referencia nas accións propostas por ter xa experiencia neste proceso.

O proxecto insírese dentro dun programa máis amplo, deseñado de xeito modular para garantir que as actuacións non queden inconclusas ou que sexan incoherentes no caso de sufrir unha paréntese nas fontes de financiamento.

Como actividade de sensibilización, realizaranse catro xornadas de concienciación noutras tantas localidades galegas sobre a xestión da auga como dereito humano, presentando problemas globais a través de vínculos cos problemas locais.

## OBXECTIVO XERAL

Ampliado o acceso á auga potable e saneamento da poboación rural como dereito humano básico mediante a xestión integrada do recurso hídrico con enfoque de cunca hidrográfica na rexión do Golfo de Fonseca, Honduras.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fortalecidas as capacidades locais para mellorar o acceso ao dereito á auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico nos 7 municipios da Mancomunidade de NASMAR, Honduras.

## RESULTADOS

Fortalecidas as capacidades de titulares de obrigas para a xestión integral do recurso hídrico en 7 municipios do Golfo de Fonseca.

Impulsada a elaboración do PXIRH no municipio de El Triunfo.

## ACTIVIDADES

**Formación na metodoloxía para a elaboración de Plans de xestión integral do recurso hídrico municipais:** Co fin de difundir e replicar a metodoloxía para a elaboración destes Plans, levaranse a cabo capacitacións dirixidas ao persoal técnico relacionado coa xestión da auga e o saneamento das 7 municipalidades que conforman a Mancomunidade de NASMAR.

**Formación de capacitadoras/es municipais sobre hixiene e saúde na metodoloxía ESCASAL:** Esta metodoloxía é amplamente recoñecida en Honduras. Co fin de que as municipalidades poidan abaratar custos na implementación desta metodoloxía, formarase ao persoal municipal para impartir estas capacitacións.

**Estudo hidroxeolóxico piloto para a prevención e mitigación da contaminación de fontes de auga:** Impartirase un taller de formación dirixido a Alcaldías e persoal das Unidades Medioambientais Municipais (UMA)

sobre esta temática, e posteriormente realizarase un estudo hidroxeolóxico dunha comunidade que presente parámetros da calidade de auga nun rango superior ao establecido pola norma para analizar a orixe desa contaminación, e recomendar medidas de prevención e mitigación da mesma.

**Capacitación en software libre a técnicos/as municipais.**

**Capacitación do persoal técnico da Alcaldía no levantamento de información e elaboración PXIRH.**

**Presentación do PXIRH nas comunidades piloto.**

**Recompilación e levantamento de información técnica e social nas comunidades piloto:** Unha vez recompilados estes datos, levantarase a información relativa á auga na comunidade (puntos de auga existentes, calidade dos mesmos, hábitos de consumo...) coa axuda dos líderes comunitarios e os membros das xuntas de auga e dos padroados.

Recollida de datos nunha comunidade das máis prexudicadas en materia de auga e saneamento na mancomunidade NASMAR

**Elaboración e socialización dos PXIRH comunitarios e estudos técnicos nas comunidades piloto**: Toda a información obtida introducirase no software gvSIG- Fonsagua. Da interpretación destes datos e resultados xurdirán diferentes alternativas para cada comunidade, tanto no ámbito do abastecemento como no de saneamento, que serán socializadas e debatidas coa veciñanza, co fin de elixir a opción máis axeitada tanto desde o punto de vista técnico como social.

# FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS TURÍSTICOS E DA AUTOSUFICIENCIA FINANCEIRA DO CENTRO DE EDUCACIÓN ALTERNATIVA RURAL TELPOCHCALLI (TOTOGALPA-NICARAGUA)

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Municipio de Totogalpa. Departamento de Madriz. Nicaragua |
| **DURACIÓN** | 11 meses |
| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | Fundación Taller de Solidaridad |
| **PARCEIRO LOCAL** | INPRHU-Somoto |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 154 |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 38.988,97€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 29.461,42€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 9.527,56€ |

## RESUMO

A concentración dos atractivos turísticos do municipio de Totogalpa, a existencia do canón de Somoto, Cacaulí, e a proximidade do Centro de Educación Alternativa Rural Telpochcalli a estes sitios, favorecen o acceso da explotación dos recursos e atractivos turísticos do municipio. O presente proxecto trata de pór en valor todos estes recursos naturais e sociais para potenciar o turismo rural comunitario no municipio de Totogalpa. A proposta céntrase no fortalecemento do Centro de Educación Alternativa Rural (CEAR) Telpochcalli para lograr a través do mesmo promocionar e posicionar Totogalpa como destino turístico. O CEAR tería un rol promotor e prestador de servizos de animación e información turística.

Ao finalizar o proxecto, agárdase ter mellorado na produción de bens e servizos, e mais ter incrementado os ingresos e a contribución á sustentabilidade financeira do CEAR Telpochcalli e o seu funcionamento e autonomía. Mais, sobre todo, espérase potenciar o desenvolvemento e posicionamento de Totogalpa como destino, a chegada de visitantes e os beneficios económicos que se xeran para o importante sector rural campesiño implicado e asentado nas zonas de atractivo turístico.

Alumnado do CEAR xunto aos seus cultivos

A actividade de sensibilización consistirá na elaboración dunha exposición fotográfica sobre o proxecto, con entre 25 e 30 imaxes, e a súa exposición pública en catro concellos galegos, se ben despois poderá ser acollida por outras vilas que estean interesadas.

O proxecto desenvolverase integramente ao longo do ano 2015.

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír ao fortalecemento e sustentabilidade do Centro de Educación Alternativa Rural Telpolchcalli (Totogalpa).

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Mellorados os ingresos e a capacidade autofinanceira do Centro de Educación Alternativa Rural Telpochcalli mediante o fortalecemento da produción e a venda de servizos agroturísticos.

## RESULTADOS

Fortalecida a capacidade de prestación de servizos turísticos do CEAR Telpochcalli.

Mellorada a comercialización de bens e servizos turísticos producidos no CEAR Telpochcalli.

Promocionada e posicionada a oferta de servizos turísticos do CEAR Telpochcalli.

## ACTIVIDADES

**Acondicionamento da oficina de servizos turísticos:** Ten como finalidade acondicionar unha oficina para brindar información turística e recibir visitantes. Adquirirase un ordenador, un escritorio, estantes para revistas, folletos, artesanías e cadeiras.

**Acondicionamento de habitacións:** Serán acondicionados catro cuartos para o aloxamento de turistas.

**Participar en feiras rexionais e departamentais para a promoción e venda de produtos agropecuarios de Totogalpa:** As feiras son espazos para a promoción e venda turística e de produtos agrícolas, artesanais e gandeiros. Participarase en 4 feiras locais ou rexionais. Tamén se contempla a formación sobre feiras turísticas: como presentar os produtos, como participar, como negociar, o regateo, fixación de prezos, etc.

**Capacitar en artesanía de identidade chorotega e realizar intercambios de experiencias de apoio:** Esta formación busca fortalecer a capacidade para producir artesanías de calidade con novos deseños. Realizaranse 10 módulos formativos: 5 sobre artesanías de palma, tule, e 5 sobre artesanías de cerámica e *jícaro*. Tamén se farán dúas viaxes a outros lugares para intercambiar experiencias con artesás/áns de éxitos no país.

**Compra de material de reposición e materia prima para unidade de agrotransformación**: Consiste en dotar á unidade de procesamento de materia prima para a elaboración de marmeladas, salsas, etc. Tamén se mercarán bolsas plásticas, envases, bandexas, etc.

**Creación e fortalecemento dunha touroperadora rural comunitaria con base no CEAR:** Crearase unha touroperadora que oferte os atractivos turísticos de Totogalpa e realice contactos con emisoras maioristas. Equiparase o local e xestionarase o permiso e autorización co Instituto Nicaraguano de Turismo.

**Edición e distribución de material promocional dos servizos do CEAR** entre touroperadoras e ofertantes de servizos turísticos.

Alumno do Centro de Educación Alternativa Rural-Telpolchcalli amosando unha das súas artesanías

As actividades agrogandeiras daranlle sustentabilidade ao CEAR

# INCREMENTADA A ADECUADA XESTIÓN DA AUGA E O SANEAMENTO AMBIENTAL CON ENFOQUE DE RESILIENCIA AO CAMBIO CLIMÁTICO EN CINCO COMUNIDADES DOS MUNICIPIOS DE SOMOTO E SAN LUCAS

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Municipio de Somoto e San Lucas. Nicaragua |
| **DURACIÓN** | 12 meses |
| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | Amigos da Terra Galicia-Xuventude |
| **PARCEIRO LOCAL** | INPRHU-Somoto |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 1.068 persoas |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 42.356,77€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 29.918,31 € |
| **ACHEGA DE AMIGOS DA TERRA** | 6.746,15€ |
| **ACHEGA DA COPARTE** | 2.846,16€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 2.846,16€ |

Horta dunha das familias beneficiarias

## RESUMO

O proxecto ten a finalidade de incrementar as capacidades para unha adecuada xestión da auga e o saneamento ambiental mediante a capacitación sobre o tema, a rehabilitación de infraestruturas, a reforestación e o tratamento adecuado das augas grises. A súa execución ten a particularidade de contar cun enfoque de resiliencia ao cambio climático, tomando en consideración que as comunidades do municipio de San Lucas son territorios con alta vulnerabilidade aos efectos recorrentes da seca.

As familias, ademais de abastecérense de auga para consumo, aprovéitana para realizar outros labores como a hixiene persoal, lavado de roupa e para dar de beber ao gando vacún. As augas residuais resultantes non son tratadas, o que incrementa as probabilidades de aparición de doenzas como as infeccións respiratorias agudas (IRAS) e as enfermidades diarreicas agudas (EDAS).

O proxecto achega solucións tecnolóxicas, de baixo custe e adaptadas ás condicións rurais locais, para lograr un adecuado tratamento destas augas residuais. Estas tecnoloxías foron probadas en Nicaragua por Amigos da Terra no Departamento de Chinandega e o proxecto facilitará a sistematización desta experiencia e o traslado da tecnoloxía a Inprhu e ás familias beneficiarias de Somoto e San Lucas.

O proxecto, que deu inicio en novembro de 2014, ten previsto rematar a súa execución no mes de outubro de 2015.

Como actividade de educación para o desenvolvemento en Galicia, levaranse a cabo unhas xornadas formativas sobre filtros biolóxicos de depuración dirixidas a dous sectores clave:

Persoal técnico de concellos, xestores de comunidades de montes e instalacións públicas e privadas. Levarase a cabo nunha xornada de 5 horas de duración.

Público xeral: todas aquelas persoas interesadas en coñecer e/ou implantar alternativas naturais para a depuración de augas nos seus fogares e proxectos. Levarase a cabo durante unha fin de semana no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas, no Concello de Vilar de Barrio, Ourense.

Con enfoques adaptados a cada público, exporanse as bases da fitodepuración e presentaranse alternativas viables para poder construír e autoconstruír os diferentes filtros para a depuración de augas residuais.

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír ao melloramento da calidade de vida das familias de cinco comunidades de Somoto e San Lucas mediante a xestión efectiva para a sustentabilidade das fontes de auga comunitarias.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Mellorar o acceso á auga con calidade para 1.068 persoas que habitan en cinco comunidades do municipio de Somoto e San Lucas a través do melloramento da infraestrutura e o manexo adecuado das fontes de auga comunitarias.

## RESULTADOS

Melloradas as condicións de acceso a unha auga con calidade mediante a organización e capacitación comunitaria para unha xestión axeitada das fontes de auga comunais.

Mellorada a infraestrutura e manexo adecuado das fontes de auga coa integración da comunidade, para un uso máis racional e eficiente.

Establecido un sistema de tratamento de augas grises adaptado ás condicións comunitarias, permitindo a súa reutilización en actividades do fogar e que no supoñan risco para a saúde das familias.

## ACTIVIDADES

**Fortalecer os coñecementos sobre a temática da auga e saneamento ambiental:** Capacitar ás familias beneficiarias sobre os temas de auga e saneamento en dez obradoiros a desenvolver nas cinco comunidades de Somoto e San Lucas.

**Mellorar a infraestrutura e o manexo das fontes de auga comunitaria:** Rehabilitación de 12 pozos e 6 unidades sanitarias nas cinco comunidades beneficiarias coa coparte da comunidade na execución da construción das obras.

**Reforestación das fontes de auga das comunidades:** Estableceranse 5 viveiros comunais con especies forestais da zona para reforestar as fontes de auga e os seus afluentes como coparte da poboación beneficiaria.

Bioxardineira que será replicada nos municipios de Somoto e San Lucas

**Sistematizar a experiencia desenvolvida coas bioxardineiras nos municipios de El Viejo e Santo Tomás en Chinandega, para a súa posterior réplica nas comunidades dos municipios de Somoto e San Lucas en Madriz:** Realizarase a avaliación de 35 bioxardineiras localizadas en 7 comunidades dos municipios de El Viejo e Santo Tomás, onde se sistematizará o nivel de adopción dos sistemas de tratamento de augas grises por parte das persoas beneficiarias. Isto permitirá valorar os aspectos relevantes para a súa transferencia ou réplica nas comunidades de Somoto e San Lucas.

**Establecer sistemas domiciliares para o tratamento axeitado das augas grises xeradas polos usuarios/as nas vivendas de beneficiarios/as:** Construiranse cinco sistemas de tratamento de augas grises coñecido como bioxardineiras, unha por comunidade, como pilotaxe para a súa implementación práctica por parte das familias e replicar a experiencia en futuros proxectos.

Construirase unha bioxardineira nunha casa seleccionada polas mulleres, considerando que o beneficio sexa promovido entre xefas de familia para que brinden apoio ao resto de fogares beneficiados, de tal forma que sexa algo participativo.

# PARTICIPACIÓN DE MULLERES QUECHUAS E AIMARAS NA MELLORA DA RUTA DE ATENCIÓN DA VIOLENCIA FAMILIAR E SEXUAL NA REXIÓN DE PUNO (PERÚ)

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Departamento de Puno. Perú |
| **DURACIÓN** | 5 meses |
| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | Fundación InteRed-Galicia |
| **PARCEIRO LOCAL** | Movimiento Manuela Ramos |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 60 |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 36.742,83€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 29.343,29€ |
| **ACHEGA DE FUNDACIÓN INTERED-GALICIA** | 2.832,30€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 4.567,25€ |

## RESUMO

A promoción da participación e implicación das mulleres quechuas e aimaras organizadas da Rexión de Puno é a estratexia que segue este proxecto para conseguir a mellora da efectividade da ruta de atención da violencia familiar e sexual nos distritos de Acora, Lampa e Puno. A intervención ten o seu antecedente en dous proxectos desenvolvidos por InterRed e o Movemento Manuela Ramos en varios distritos de Puno, cos que se avanzou na elaboración de diagnósticos sobre violencia de xénero, na capacitación de mulleres lideresas, apoio aos procesos de empoderamento e sensibilización a xuíces, fiscais, medios de comunicación, policías, etc. Para mellorar a calidade de atención ás mulleres vítimas de violencia. Pese aos avances, aínda é preciso seguir apoiando ás organización de mulleres para fortalecer a súa participación. Esta proposta, froito do traballo anterior, incide na consolidación da implicación das mulleres quechuas e aimaras organizadas para conseguir a mellora da efectividade da ruta de atención da violencia familiar e sexual, e conta con dous compoñentes principais:

O compoñente de capacitación ás mulleres beneficiarias en Plans de vixilancia e incidencias na ruta de atención á violencia familiar e sexual, co obxectivo de mellorar a efectividade da aplicación da RAVFSM.

O compoñente da sensibilización e promoción cos operadores xudiciais, policiais e fiscais mediante unha campaña de comunicación contra a violencia exercida contra as mulleres, co obxectivo de promover accións de prevención e a aplicación da xustiza oportuna e respectando o exercicio de dereitos das vítimas.

En canto á actividade de sensibilización, preténdese poñer en contacto a realidade das mulleres de Puno coas mulleres galegas, a partir da visibilización e revalorización dun dos saberes tradicionais e universais das mulleres:

os tecidos. As xuntanzas para tecer e nas que se falará de economía feminista e dereitos das mulleres terá o seu remate cunha acción de "yarn bombing", coa que se cubrirá unha escultura urbana dunha muller significativa no noso país.

As actividades do proxecto desenvolveranse integramente no ano 2015.

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír á promoción, protección e respecto do dereito a unha vida sen violencia das mulleres da rexión de Puno.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Consolidar a participación das mulleres quechuas e aimaras organizadas como estratexia para a mellora da efectividade da ruta de atención da violencia familiar e sexual da rexión de Puno.

O proxecto con InteRed virá consolidar a participación das mulleres quechuas e aimaras na mellora da ruta de atención da violencia exercida contra as mulleres

## RESULTADOS

As mulleres campesiñas aimaras e quechuas organizadas consolidan as súas capacidades de vixilancia e incidencia na RAVFSM.

Operadores de xustiza na RAVFSM e outros actores locais promoven a prevención e aplicación de xustiza oportuna.

## ACTIVIDADES

**Encontro avaliativo e de intercambio de experiencias do sistema participativo de vixilancia con mulleres custodias dos 3 distritos:** Farase unha análise para reconstruír e intercambiar experiencias, facer balance e identificar os aspectos necesarios de reforzamento.

**Capacitación de reforzamento a mulleres custodias do sistema participativo de vixilancia no manexo da Ruta de Atención á violencia familiar e sexual para exercer vixilancia e incidencia:** Ten como obxectivo afianzar as capacidades de vixilancia, observación, asertividade, incidencia, planificación e o propio coñecemento da aplicación eficaz de operadores da Ruta de atención da violencia familiar e sexual.

**Seguimento e soporte técnico en funcionamento do sistema participativo de vixilancia á efectividade da ruta de atención á violencia familiar e sexual contra as mulleres:** En cada distrito funcionará un núcleo de vixilancia que recibirá visitas mensuais para avaliar avances, dificultades, resultados e reforzar os aspectos que sexan necesarios: normas, procedementos, organización, funcións e ruta.

**Campaña de comunicación no Día das Mulleres:** Trátase de 3 campañas, unha por cada distrito, de forma simultánea, e serán organizadas polos núcleos de vixilancia. Compóñense de: Participación en feiras, marchas con pancartas e un festival.

Beneficiarias do proxecto

# MÓDULO PARA A EMANCIPACIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES, DENTRO DO PROGRAMA PARA O EMPODERAMENTO DAS MULLERES EN TIRUCHI II (INDIA)

| | |
|---|---|
| **LOCALIZACIÓN** | Distrito de Tiruchy (zona rural), no Estado de Támil Nadu, India |
| **DURACIÓN** | 12 meses |
| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | Implicadas no Desenvolvemento |
| **PARCEIRO LOCAL** | People's Development Initiatives |
| **PERSOAS BENEFICIARIAS** | 2.000 |
| **CUSTO TOTAL DO PROXECTO** | 8.270,13€ |
| **ACHEGA DO FONDO GALEGO** | 6.736,80€ |
| **ACHEGA DE IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO** | 1.400,00€ |
| **ACHEGA DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** | 433,33€ |



Sesión de sensibilización en xénero nunha das aldeas involucradas no proxecto

## RESUMO

O Programa de Empoderamento de Mulleres no distrito de Tiruchirapalli, iniciado no ano 2008 en 5 suburbios e 5 aldeas do distrito de Tiruchirapalli (Támil Nadu), e ata 2011 en Karaikal (Pondicherry), incide no empoderamento das mulleres e na necesidade de abordar o tema da discriminación de xénero como primeiro paso de cara ao desenvolvemento. No marco deste programa, no ano 2012 o proxecto 'Módulo para a emancipación social e a participación política das mulleres' foi financiado polo Fondo Galego de Cooperación para afondar no tema da participación política das mulleres e promovela dunha forma holística en 15 suburbios da cidade. Ante os positivos resultados desta intervención na zona urbana e para evitar crear unha fenda entre as beneficiarias rurais e urbanas do Programa, replicarase a intervención na zona rural, máis en concreto en 5 aldeas xa inseridas no programa e en 5 aldeas nas que se comezou a traballar en 2014 desde o mesmo marco. Este proxecto é, polo tanto, unha segunda fase do 'Módulo para a emancipación social e a participación política das mulleres', e igual ca este ten por obxectivo contribuír ao aumento da participación social e política das mulleres da zona rural do distrito de Tiruchirapalli.

A través da metodoloxía que emprega Implicadas no Desenvolvemento en todos os seus proxectos, os grupos de axuda mutua, trabállase a autoestima das 1.500 mulleres integrantes dos mesmos, ademais de ser unha ferramenta indiscutible para a acadar o seu empoderamento económico e social. Outras actividades complementarias incidirán na redución das barreiras da participación social e política das mulleres, promovendo unha contorna de maior equidade de xénero, e no incremento da información e formación das mulleres sobre o marco político.

A actividade de sensibilización en Galicia que acompaña ao proxecto é unha visita dunha responsable do proxecto en Támil Nadu, co obxectivo de trasladarlle á cidadanía galega as principais liñas da iniciativa e a experiencia e traballo de Implicadas na India. Ademais, realizarase un ciclo de formación sobre a metodoloxía dos Grupos de Axuda Mutua aos concellos socios do Fondo Galego, como ferramenta de empoderamento social, político e económico das mulleres en risco de exclusión, co obxectivo de chegar a implementar esta exitosa ferramenta naqueles municipios interesados.

O proxecto deu inicio en decembro de 2014 e o groso das actividades desenvolveranse ao longo de 2015.

## OBXECTIVO XERAL

Contribuír ao empoderamento global das mulleres máis desfavorecidas no estado de Támil Nadu (India) e en particular na zona rural do distrito de Tiruchirapalli.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Contribuír ao aumento da participación social e política das mulleres no distrito de Tiruchirapalli.

## RESULTADOS

Reducidas as barreiras de participación social das mulleres promovendo un entorno de maior equidade de xénero no que se puxeron en cuestión os estereotipos e papeis de xénero existentes.

Incrementada a sensibilización e información das mulleres dos suburbios incluídos no proxecto sobre o marco político existente e postos os medios para activar a súa participación neste, tanto en institucións de tipo formal coma non formal local.

## ACTIVIDADES

**Sesións de sensibilización de xénero:** Xuntanzas informativas sobre o marco de participación política existente tanto a nivel formal como informal, pero centrarán sobre todo o traballo na importancia da participación social e política das mulleres. Poñeranse de relevo o impacto negativo da falta de mulleres nas instancias políticas e a importancia tanto a nivel individual como colectivo dunha transformación do espazo público, ademais do espazo privado.

**Teatro de rúa:** O teatro de rúa é unha ferramenta de primeira orde na activación de cambios de actitudes sociais con respecto a diferentes temas. Permite realizar pequenas representacións accesibles para todos os públicos en

lugares centrais das aldeas e despois activar un debate ao redor das temáticas que presentan as obras. Está previsto realizar 24 sesións. Formarase un grupo de teatro afeccionado integrado por traballadoras e voluntariado das propias aldeas e desenvolveranse guións adaptados á situación da área rural.

**Clubs de xénero entre a mocidade:** Formarase un grupo en cada aldea. Unha voluntaria e un voluntario de cada equipo recibirán formación específica en xénero para poder traballar coa súa comunidade na transformación dos roles. A creación de grupos de mocidade mixtos activa a capacidade de subversión das mozas e mozos fronte aos valores patriarcais e de perpetuación das castas.

**Creación de empresas por mulleres:** Formarase a 120 mulleres en produción de compresas, en fabricación de produtos de papel, de iute e de fibra de banana, en cultivo de cogomelos, en costura, bordado e impresión en tea, e en elaboración de bixutería. O proxecto contará cun fondo de creación de empresas que ofrecerá capital semente a 50 mulleres para que poidan poñer en marcha os seus propios negocios.

**Formación para aumentar a participación política das mulleres dos Consellos de suburbio:** O Programa formou 5 Consellos de aldea na zona rural con representación de diferentes grupos beneficiarios, co fin de que xestionen todas as actividades do programa ao remate deste. Cada Consello conta con 12 integrantes, todas mulleres na zona rural. Estas mulleres e as integrantes dos grupos de axuda mutua recibirán formación sobre as estruturas políticas existentes para poder pasar da participación política nun sistema non formal como é o Consello de aldea, a institucións de carácter formal.

Primeira xuntanza do grupo de teatro para programar e definir a obra de representación

# DOAZÓNS PARA AXUDAS DE EMERXENCIA

A Asemblea Xeral de socios realizada no mes de outubro aprobou destinar 20.000€ a Palestina e 10.000€ á poboación afectada polo Tifón Haiyán.

A Axencia de Nacións Unidas para os/as Refuxiados/as de Palestina (UNRWA) recibiu 10.000€ para apoiar o traballo dos equipos de saúde mental da entidade que atenden á poboación no contexto postbélico. Os outros 10.000€ foron canalizados a través da Asociación Médica Hispano-Palestina, que xestiona a entrada e distribución de material médico e farmacéutico na franxa de Gaza. Ambas as dúas doazóns fan parte da resposta humanitaria con Palestina trala ofensiva Edge Protector que bombardeou durante semanas a franxa de Gaza.

As nenas e nenos de Gaza arrastran un grave trauma psicolóxico
FOTO: Unrwa

Doutra banda, os 10.000€ para Filipinas corresponden a achegas extraordinarias dos Concellos de Narón e Pontevedra, xunto coa recadación dun concerto solidario organizado polo Concello de Lugo. A doazón foi destinada ao Alto Comisionado das Nacións Unidas para os/as Refuxiados/as (Acnur), que a investiu en proporcionar refuxio e materiais de primeira necesidade ás comunidades do arquipélago. Esta contía súmase aos outros 10.000€ xa mobilizados no 2013 poucos días despois do paso do ciclón Haiyán, cos que se dotou a 1.000 familias damnificadas de tendas e artigos non alimentarios básicos de emerxencia.

Familia damnificada polo tifón de Filipinas no seu refuxio temporal
FOTO: Acnur/K.Bolisay

# 4 SENSIBILIZACIÓN

A sensibilización social ao redor da pertinencia da cooperación ao desenvolvemento e os desequilibrios estruturais Norte-Sur son obxectivo estatutario da nosa asociación. Á súa vez, as actividades de sensibilización son a ferramenta que permite ao Fondo Galego proxectarse e facerse presente no país, achegándonos directamente a milleiros de cidadás e cidadáns por medio de innumerables actividades como exposicións, contacontos, espectáculos teatrais, ciclos de cine, cursos de formación, concursos, obradoiros, foros de análise e debate, ou o programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo.

O Plan anual 2014 ***Os Obxectivos do Milenio: Fin e Principios*** tivo como fío condutor os encontros dixitais #Alén2015, que procuraron achegar a cooperación internacional máis alá do sector tradicional para visibilizar a nova axenda internacional, o chamado proceso post 2015, e avaliar así tamén os Obxectivos do Milenio que marcaron a folla de ruta do sistema internacional de cooperación 2000-2015. Non se procuraron especialistas arredor do propio proceso, senón que empregamos un enfoque expandido deste debate, que puidera ser máis próximo ás persoas e aos movementos sociais de solidariedade e xustiza global. Mentres o Plan de Comunicación aprobado en 2013 entraba en pleno funcionamento, a segunda edición do concurso fotográfico Imaxes con Fondo e as tradicionais actividades do Fondo Galego, como a xira da Tropa de Trapo ou a circulación dos nosos recursos itinerantes, seguiron tamén esa lóxica expandida que transcenda as liñas clásicas de diálogo coa cidadanía.

No contexto orzamentario dunha reestruturación abrupta do financiamento do Fondo e de cuestionamento institucional da cooperación descentralizada, sermos capaces de explicar a nosa utilidade e sentido parecía da maior pertinencia, tanto diante dos nosos socios como perante a cidadanía á que representan.

Así as cousas, os resultados conseguidos polo Plan 2014 ofrécenos de novo datos moi valiosos que amosan unha enerxía e capacidade de reprodución das nosas actividades por medio da Rede Municipalista Solidaria. Organizáronse máis de 100 actividades nun total de 65 entidades socias, cunha implicación por parte dos socios que debe ser valorada en circunstancias excepcionais como as presentes. A implicación das administracións socias supuxo a participación directa de máis de 20.000 persoas en actividades do Fondo

Os premios do concurso Imaxes con Fondo 2014 entregáronse no transcurso das IX Xornadas de Cooperación

Galego, desde os centros educativos ás casas da cultura e auditorios municipais.

Neste senso, cómpre destacar o traballo das técnicas e técnicos, que por medio dun mecanismo propio de traballo en rede, a **Rede Municipalista Solidaria**, foron quen de introducir na axenda local galega (da costa ao interior, dos concellos pequenos aos grandes) a defensa e promoción dos Dereitos Humanos universais desde o local, reivindicándose de novo como un dos mellores patrimonios do sistema galego de cooperación.

Finalmente, cómpre sinalar que durante o 2014 contamos co financiamento da Xunta de Galicia por valor de 40.000€ mediados polo Convenio tradicional Xunta-Fondo Galego que no 2013 fora conxelado.

## ENCONTROS DIXITAIS ALÉN 2015

Os ciberencontros foron unha das novidades do Plan 2014 e xorden tamén da inclusión da axenda dixital no Fondo Galego e da necesidade de facer máis e mellor pedagoxía sobre o sentido da cooperación internacional. Ademais, neste 2014 decidiuse enfocar os debates arredor da transición e balance dos ODM aos ODS.

**Os encontros dixitais desenvolvéronse os últimos venres de mes entre as 12:00 e as 14:00 horas**. Durante os dez días previos, divulgáronse tanto por medio dunha comunicación convencional como coa difusión de recursos ao respecto da temática e o protagonista de cada un, na procura non só de maximizar o alcance, senón tamén de xerar contidos de interese.

- 31-01-2014
  Encontro dixital con **David Llistar** do **Observatorio da débeda na globalización** #anticooperación
- 28-02-2014
  Encontro dixital con **Claudia Delso** do colectivo **Sarsur** #Sáhara
- 28-03-2014
  Encontro dixital con **Helena Maleno** de **Caminando Fronteras** #fronteiras
- 25-04-2014
  Encontro dixital con **Tom Kucharz** de **Ecoloxistas en Acción** #medioambiente
- 30-05-2014
  Encontro dixital con **Nacho Martínez** da **Plataforma2015 y más** #ODM
- 27-06-2014
  Encontro dixital con **Amaia Celorrio** do comité español **ACNUR** #refuxiadxs
- 30-07-2014
  Encontro dixital con **Margarita González** de **Amnistía Internacional** - A Coruña #ddhh
- 29-08-2014
  Encontro dixital con **María Reimóndez**, tradutora, escritora e fundadora de **Implicadas no Desenvolvemento** #feminismos
- 26-09-2014
  Encontro dixital con **Pablo Rodríguez**, da **Comisión de Incidencia da Coordinadora Galega de ONGD** #ongd
- 29-10-2014
  Encontro dixital con **Marco Gordillo**, coordinador de campaña de **Manos Unidas** #pobreza

Helena Maleno, de Caminando Fronteras, respondeu as preguntas sobre migracións en marzo

Nacho Martínez representou a Plataforma 2015 y más no encontro de abril

- 28-11-2014
  Encontro dixital con **Fernanda Couñago** de **Amarante** #consumoresponsable
- 15-12-2014
  Encontro dixital con **Carlos Ugarte**, responsable de Relacións Externas de **Médicos sin Fronteras España** #ébola e #conflitos

As conversas transcritas e dispoñibles ao público en galego atópanse centralizadas na ligazón

http://www.fondogalego.org/web/node/1918

## II EDICIÓN DO CONCURSO IMAXES CON FONDO

Imaxes con Fondo é unha ferramenta para dar a coñecer os porqués do traballo en cooperación e as desigualdades Norte-Sur, ao tempo que tamén visibiliza alternativas solidarias aquí e agora. Á súa vez, de maneira operativa, o premio da categoría adulta, tanto na edición de 2012 coma na de 2014, permite poñer en valor o traballo acumulado froito da colaboración entre o Fondo Galego e a Xunta de Galicia.

Tras a boa acollida da primeira edición, no ano 2012, a convocatoria do concurso en 2014 seguiu a mesma lóxica temática que a primeira, dándolle visibilidade a comportamentos cooperativos e denunciando ao tempo as malas prácticas no Norte con incidencia no Sur. Establecéronse dúas categorías, para menores e maiores de 18 anos, nas que as fotos debían ir acompañadas dun *tweet*, é dicir, unha mensaxe de non máis de 140 caracteres.

O concurso permaneceu aberto entre o 23 de abril e o 15 de novembro. Contou cun evento específico en Facebook desde o que se promoveu a participación e que serviu, á súa vez, para reflexionar arredor do mundo da imaxe.

Conformouse un xurado independente que fixo público o nome das persoas gañadoras, tras a celebración dunha votación popular nas redes sociais durante os 15 días previos ás IX Xornadas anuais do Fondo Galego, onde se entregaron os premios.

Na **categoría xuvenil,** os galardóns foron unha cámara fotográfica, unha cesta de produtos de comercio xusto e un lote de películas de cine social, amais dunha achega do Concello de Oleiros aos centros educativos das mozas premiadas, consistente nunha colección de libros do certame Revela.

- 1º premio
  María Goretti Dorgambide González (Vilagarcía de Arousa)
  Título: *Non te agoches, somos iguais*.
  Chío: "Baixo unha coiraza de illamento afóganse berros de axuda".

- 2º premio
  Laura Díaz Martínez (Ferrol)
  Título: *Fondo mariño*.
  Chío: "Toneladas de lixo son tiradas ao mar en todo o planeta, isto supón cambios negativos para as especies que viven nel".

- 3º premio

  María Rodríguez Vila (Oleiros)

  Título: *A chuvia sobre o paraugas*.

  Chío: "Calquera pequeno xesto pode ser unha axuda. Compartir é vivir".

Na **categoría de persoas adultas,** o principal galardón foi unha viaxe a Nicaragua durante o 2015, da cal o premiado deberá retornar cun conxunto de fotos sobre o país centroamericano que sexan susceptibles de converterse nunha exposición do Fondo Galego.

- 1º premio

  Felipe Carnotto Díaz (Vigo)

  Título: *Pesca sostible*.

  Chío: "A pesca artesanal permite un equilibrio no ecosistema mariño. Fomenta a economía local e supón arredor do 80% da flota galega".

- 2º premio

  Manuel Costa Parcero (Moaña)

  Título: *Comida rexeitada*.

  Chío: "Morriña dos tempos de comida de abondo no campo. Agora sempre na rúa, busca que busca, polo menos son un pombo e non ando a remexer no lixo".

- 3º premio

  Borja Blanco Cinza (Ferrol)

  Título: *Que prezo ten o colleiteiro?*

  Chío: "Reflicte algo positivo da globalización: libre mercado. Pero esconde un mercado no que o colleiteiro cobra unha mínima parte do prezo final".

Cómpre sinalar que o concurso de Imaxes con Fondo cumpre unha función central na xeración de comunidade arredor do Fondo Galego, que se viu confirmada co éxito de asistencia ás master class e obradoiros de fotografía social e a altísima participación na votación popular nas redes sociais, que representou o primeiro momento viral do Fondo Galego en internet ao rexistrar máis de 1.300 novos seguidores durante o período de votación.

## MASTER CLASS E OBRADOIROS DE FOTOGRAFÍA SOCIAL IMAXES CON FONDO

Para acompañar a segunda edición do concurso do Fondo Galego, considerouse pertinente a organización de aulas maxistrais e obradoiros de fotografía social que servisen, dunha banda, coma ferramentas de difusión do propio concurso e, doutra, coma espazos de reflexión arredor da relevancia das imaxes e as palabras na construción do mundo actual.

Para as aulas maxistrais contouse con **Gabriel Tizón (www.gabrieltizon.info)**, fotoxornalista de recoñecido prestixio internacional e membro do xurado de Imaxes con Fondo 2012. Os obradoiros guiounos **Rober Amado (http://ramadophoto.wix.com/roberamado)**, gañador da primeira edición do concurso Imaxes con Fondo en 2012.

As aulas maxistrais impartíronse nunha única xornada de 3 horas de duración, mentres que o traballo nos obradoiros dispúxose en xornadas de dúas ou tres sesións en función do público obxectivo, tendo en conta as necesidades do alumnado e a propia definición dos socios á hora de solicitar a actividade.

**As aulas maxistrais desenvolvéronse en 9 administracións socias do Fondo Galego, mentres que os obradoiros chegaron a 7 concellos socios.**

Mentres que as master class se lles ofreceron ás 7 cidades e aos concellos da Comisión Executiva máis interesados, os obradoiros ofertáronselle á RMS, sendo concedidos a aqueles con-

As aulas maxistrais de Gabriel Tizón arrincaron no Concello da Coruña cunha grande afluencia de público

O Concello de Viveiro acolleu una das nove master class 'Compromiso coa mirada'

Os obradoiros de fotografía social fixeron unha das paradas no Concello de Poio

Rober Amado impartiu un dos seus sete obradoiros fotográficos na OMIX de Sandiás

cellos que solicitaran A Tropa de Trapo e que por exceso de demanda non puideran recibir o espectáculo.

Cómpre sinalar que no caso do Concello de Vigo a organización da master class se realizou en colaboración coa campaña Impórtanos! do Consello Municipal de Cooperación Internacional.

**Itinerario das master class en fotografía social:**

• 21-05-2014 **Concello da Coruña**, no Centro Cívico Os Mallos, ás 11:00h.

• 22-05-2014 **Concello de Ferrol**, na aula de fotografía situada no Centro Cultural Universitario de Esteiro, ás 19:00h.

• 16-07-2014 **Concello de Lugo**, na Casa da Xuventude, ás 19:00h.

• 23-10-2014 **Concello de Ourense,** na Universidade Laboral, ás 10:00h.

• 25-09-2014 **Concello de Oleiros,** no Castelo de Santa Cruz, ás 19:00h.

• 30-10-2014 **Concello de Viveiro**, no Salón de Plenos do Concello, ás 19:00h

•14-10-2014 **Concello de Pontevedra**, no Teatro Principal, ás 19:00h.

• 27-10-2014 **Concello de Santiago de Compostela**, no IES Xelmírez, ás 10:00h.

• 09-10-2014 **Concello de Vigo,** no Centro Cívico de Teis, ás 11:00h, en colaboración co Consello Municipal de Cooperación, Impórtanos!

**Itinerario dos obradoiros en fotografía social:**

• 25-05-2014 ao 26-05-14 **Concello de Tomiño,** na OMIX.

• 05-08-2014 ao 07-08-2014 **Concello de Burela**, na Casa da Xuventude.

• 03-11-2014 ao 06-11-2014 **Concello de Redondela,** no IES Chapela, co ciclo medio de atención a persoas dependentes.

• 08-09-2014 ao 10-09-2014 **Concello de Sandiás**, na OMIX.

• 03-12-2014 ao 04-12-2014 **Concello da Pobra de Trives**, na Casa da Cultura.

•15-10-2014 ao 16-10-2014 **Concello de Cabanas,** no IES Fraga do Eume.

• 06-06-2014 e 20-06-2014 **Concello de Poio**, na Casa Rosada.

As fichas de avaliación destas actividades amosan que participaron nas master class arredor de 1.000 persoas e 70 nos obradoiros, sendo en todos os casos valoradas como actividades moi positivas.

## IX EDICIÓN DE VACACIÓNS CON TRABALLO

Na súa IX edición, o programa de voluntariado posibilitou a viaxe ao Sur de dúas traballadoras de administracións locais asociadas ao Fondo Galego, para realizar labores e transferir coñecementos que puidesen resultar de utilidade ás entidades parceiras sobre o terreo.

A convocatoria abriuse o 9 de abril de 2014, coa novidade de que as persoas candidatas tiveran o aval das/dos representantes políticas/os nos seus concellos ou deputacións e coa participación en proxectos que o Fondo Galego estaba a cofinanciar nese momento: ao Inprhu-Somoto en Nicaragua, nun proxecto vinculado ao **turismo comunitario rural,** e á Cámara Municipal de Ribeira Grande de Santiago en Cabo Verde, en apoio da **cooperativa de mulleres Sulada**.

Á súa vez, o 12 de maio presentouse o 'Caderno de Experiencias' de 2013, pechándose a recepción de candidaturas para a nova edición o 16 de maio.

Tras a elaboración do documento base coa análise do CV e da carta de motivación das oito persoas candidatadas, a Comisión Executiva fixo pública a resolución o 27 de maio:

Estela Iglesias colaborou co desenvolvemento turístico sustentable en comunidades rurais nicaraguanas

- Praza en Nicaragua: INPRHU-Somoto.
  Titular: Estela Iglesias, do Concello de Allariz.

Emma Teixeira apoiou a cooperativa Sulada en Ribeira Grande para promover a igualdade de xénero

- Praza en Cabo Verde: Cámara Municipal de Ribeira Grande de Santiago.
  Titular: Emma Teixeira López, Concello de Pontevedra.

**As viaxes desenvolvéronse durante os meses de setembro e outubro**. Ambas as dúas experiencias transmitíronse desde terreo a través do blog das Vacacións con Traballo, xa que froito do Plan de Comunicación do Fondo Galego decidiuse centralizar toda a información do programa nunha única bitácora: vacacionscontraballo.wordpress.com.

## XIRA DA TROPA DE TRAPO 2014

Logo dos éxitos dos contacontos da Tropa de Trapo desde o 2010, o Fondo Galego apostou por volver organizar unha nova xira con 20 actuacións. Durante o 2014, as entidades socias tiveron a posibilidade de solicitar un espectáculo dirixido ao público familiar, 'Antía, Wamba e o regato pequeno', ou ben outro dirixido a maiores de 16 anos, 'Contos coas mans abertas'.

A xira da Tropa de Trapo deu comezo en abril nun centro escolar do Concello de Castroverde

Como en toda a lóxica de actuación do Fondo Galego, tratouse de facer coincidir algunha das representacións con outras actividades paralelas (RMS, Visitas ao Norte, inauguracións de exposicións, videofórums...), para que o agregado reforce a actividade e os impactos sociais e mediáticos da mesma.

Alumnado do CEIP O Graxal gozou do conto "Antía, Wamba e o regato pequeno" en Cambre

Despois de abrir o prazo de solicitude no mes de febreiro, e tras recibir máis de 30 demandas por parte dos concellos socios, a Comisión Executiva resolveu o 17 de marzo as entidades socias que recibirían a xira 2014 da Tropa de Trapo.

**A xira 2014 desenvolveuse co seguinte itinerario:**

- Xoves 10 de abril ás 12:30h, no CPI do **Concello de Castroverde**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 10 maio ás 11:00h, na Casa da Cultura do **Concello de Lousame,** 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Xoves 15 de maio ás 18:00h, na sala de exposicións do Pazo Provincial da **Deputación de Lugo**, enmarcado no Maio de Lingua, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 17 de maio na Feira do Libro, na Praza do Reló do **Concello da Guarda**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Venres 6 de xuño ás 18:00h, na Biblioteca Municipal do **Concello de Rianxo**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 7 de xuño ás 12:00h, no Centro de Día do **Concello de Castrelo de Miño**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Venres 13 de xuño ás 12:00h, con 3º e 4º de Primaria no CEIP O Graxal do **Concello de Cambre**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Martes 17 de xuño ás 12:30h, na Casa da Cultura do **Concello de San Sadurniño**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 21 de xuño ás 12:00h, no Auditorio do **Concello de Ribeira**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Martes 29 de xullo ás 12:00h, na Casa da Cultura do **Concello de Boiro**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 2 de agosto ás 21:00h, na carballeira do **Concello de Oímbra,** 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Mércores 24 de setembro ás 11:45h, no Colexio María Inmaculada do **Concello de Verín**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Venres 24 de outubro ás 12:00h, con alumnado do CEIP Padre Feijoo na Casa da Cultura do **Concello de Allariz**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Sábado 25 de outubro ás 11:00h, na Biblioteca Municipal do **Concello de Narón**, 'Contos coas mans abertas'.
- Mércores 19 de novembro ás 17:00h, no Teatro Principal do **Concello de Pontevedra**, 'Antía, Wamba e o regato pequeno'.
- Luns 24 de novembro, no IES Pino Manso do **Concello do Porriño**, en conmemoración do Día internacional para a erradicación da violencia contra as mulleres, 'Contos coas mans abertas'.
- Martes 25 de novembro ás 12:00h, con alumnado de distintos centros educativos no Auditorio do **Concello de Caldas de Reis,** en conmemoración do Día internacional para a erradicación da violencia contra as mulleres, 'Contos coas mans abertas'.
- Xoves 27 de novembro ás 10:30h no CEIP Domaio do **Concello de Moaña,** 'Contos coas mans abertas'.
- Martes 20 de xaneiro, ás 10:30h, no IES Mugardos do **Concello de Mugardos**, 'Contos coas mans abertas'.
- Venres 30 de xaneiro de 2015 ás 18:00h, no Multiusos da Xunqueira do **Concello de Redondela**, 'Contos coas mans abertas'.

Tras as 20 funcións e segundo as fichas de avaliación da actividade, despréndese que máis de 3.500 persoas viron os espectáculos da xira 2014 da Tropa de Trapo, cunha valoración de moi alta satisfacción.

## EXPOSICIÓNS E RECURSOS EDUCATIVOS ITINERANTES DO FONDO GALEGO

As cinco exposicións itinerantes nacidas dos Plans de sensibilización que a Xunta de Galicia cofinanciou co Fondo Galego e as que non (a producida na anualidade 2013, 'Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade'), xunto as ferramentas educativas que as acompañan, circularon durante o 2014 entre as administracións socias do Fondo Galego.

As exposicións mobilizáronse entre as entidades asociadas, aproveitando sempre para reforzar outras actividades, como actuacións de teatro, contacontos, ciclos de cinema solidario ou neste 2014 as master class e obradoiros de fotografía social.

Estudantes de Trives traballaron sobre os ODM a partir da exposición do Fondo Galego

'A paz cuestión de Fondo' incorporouse á axenda da Semana Solidaria do IES Félix Muriel (Rianxo)

Os paneis de 'Influír no global desde o local' xiraron por distintos centros educativos da Guarda

A mostra 'Imaxes con Fondo' percorreu oito concellos ao longo de 2014, entre eles o de Lousame

Batuko Tabanka actuou na apertura da exposición sobre Cabo Verde organizada pola Deputación de Lugo en Cervo

**Itinerario de 'Os Obxectivos do Milenio 2000-2015'**

- 10/03 ao 24/03
  **Concello de Castrelo de Miño**, Centro de Día
- 03/04 ao 30/04
  **Concello da Pobra de Trives**, Centro de Interpretación Histórico-Cultural Santa Leonor
- 05/05 ao 20/05
  **Concello do Barco de Valdeorras**, Centro Educativo Divina Pastora
- 22/05 ao 22/06
  **Concello de Ourense**, Centro Cívico A Cuña

**Itinerario de 'A Paz cuestión de Fondo'**

- 28/01 ao 7/02
  **Concello de Porto do Son**, Centro de Interpretación Castro de Baroña
- 07/04 ao 11/04
  **Concello de Rianxo**, IES Félix Muriel
- 01/05 ao 15/05
  **Concello de Boiro**, IES Praia Barraña
- 17/05 ao 30/06
  **Concello da Laracha**, Edificio Servizos Múltiples
- 01/10 ao 31/10
  **Concello de Fene**, CPI A Xunqueira, IES Fene, Colexio Jorge Juan
- 01/12 ao 08/01/2015
  **Concello de Fene**, Casa da Cultura de Fene

**Itinerario de 'Influír no global desde o local'**

- 17/02 ao 20/03
  **Concello da Guarda**, IES A Sangriña, Colexio Pais Somascos e Colexio San José
- 02/07 ao 31/07
  **Concello da Laracha**, Edificio de Servizos Múltiples
- 15/10 ao 30/10
  **Concello de Narón**, Sala de exposicións da Biblioteca Municipal do Alto
- 03/11 ao 28/11
  **Concello de Fene**, IES Fene

**Itinerario de 'Imaxes con Fondo'**

- 09/12 ao 04/01/2014
  **Concello de Rianxo**, Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo
- 14/02 ao 09/03
  **Concello de Culleredo**, Xardín Botánico do Burgo
- 10/04 ao 30/04
  **Concello de Lousame**, Casa da Cultura de Lousame
- 05/05 ao 30/05
  **Concello de Caldas de Reis**, Auditorio
- 05/06 ao 05/07
  **Concello de San Sadurniño**, Casa da Cultura
- 10/07 ao 10/08
  **Concello de Narón**, Sala de exposicións da Biblioteca Municipal do Alto
- 15/09 ao 06/10
  **Concello de Pontedeume**, Centro Municipal de Maiores
- 17/10 ao 30/10
  **Concello de Betanzos**, Edificio do Liceo (antigo Arquivo Histórico de Galicia)
- 03/11 ao 24/11
  **Concello de Sada**, IES O Mosteirón

**Itinerario de 'Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade'**

- 01/01 ao 09/01
  **Concello de Oleiros**, Centro Cultural A Fábrica
- 20/05 ao 8/06
  **Concello de Burela**, Casa da Cultura
- 13/06 ao 28/06
  **Concello de Rianxo**, Auditorio
- 01/07 ao 31/07
  **Concello de Valga**, Auditorio Municipal
- 16/09 ao 8/10
  **Concello de Cuntis**, Casa de Cultura Roberto Blanco
- 20/10 ao 13/11
  **Deputación Lugo**, Museo do Mar de San Cibrao. Concello de Cervo.
- 14/11 ao 28/11
  **Concello de Xove**, Sala de exposicións do Centro Cívico de Xove
- 08/12 ao 11/12
  **Concello de Vigo**, Casa Galega da Cultura

Concluímos que 26 entidades socias acolleron exposicións propias do Fondo Galego, cun público estimado de 3.000 persoas en función das fichas de avaliación das actividades.

## CICLOS DE CINE CON FONDO

Na web do Fondo Galego están dispoñibles **13 ciclos de cine temáticos** organizados en base aos recursos dispoñibles, logo dun traballo acumulado en canto á definición do fondo filmográfico que se artellou por medio da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Fondo Galego nos últimos tres lustros.

Os Ciclos de Cine con Fondo están a disposición das entidades socias e son especialmente acaídos para visibilizar os días referenciais do calendario internacional que promocionan as Nacións Unidas ou tamén para combinar con outras actividades de sensibilización que oferta o Fondo Galego.

Na Biblioteca de Narón proxectouse o filme sobre Clara Campoamor

**Durante o 2014 celebráronse os seguintes Ciclos de Cine con Fondo:**

- 02-01-2014 -03-01-2014

  **Concello de San Sadurniño**, 11:30, Proxección das películas 'Kirikú e as bestas salvaxes' e 'Happy feet' ás 11:30h na Casa da Cultura.

- 08-03-2014

  **Concello de Castrelo de Miño**, (Todo o día), Proxección da película 'Clara Campoamor, la mujer olvidada'.

- 10-03-2014 -24-03-2014

  **Concello de Lugo**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Desestruturemos os roles de xénero I e II' nos centros sociais Fingoi, Uxío Novoneyra e María Balteira, e na Casa das Mulleres.

- 02-04-2014

  **Concello de Narón**, 16:30, Proxección da película 'Clara Campoamor, la mujer olvidada', na sala de usos múltiples da Biblioteca municipal de Narón.

- 07-04-2014 -08-04-2014

  **Concello de Ribeira**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Pobreza e desigualdade II', no Auditorio municipal.

- 23-05-2014 -13-06-2014

  **Concello de Poio**, 20:00, Ciclo de cine 'Desestruturemos os roles de xénero I', o 23 e 30 de maio, e 6 de xuño, no Casal de Ferreirós. O 13 de xuño ás 19:00 terá lugar no salón de actos da Casa Rosada a última proxección e unha mesa redonda en torno ás diferentes temáticas tratadas.

- 23-07-2014

  **Concello de Lugo**, 22:30, Proxección ao aire libre da película 'Múnich' na Avda. de Augas Férreas.

- 01-07-2014 - 12-08-2014

  **Deputación de Lugo**, (Todo o día), Ciclo de cine social no salón de actos da Deputación de Lugo. Todos os martes agás os martes 22 de xullo e 5 de agosto.

- 22-09-2014 - 26-09-2014

  **Concello de Verín**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Educando á infancia en valores', en conmemoración do Día internacional da paz, no Colexio María Inmaculada.

- 14-11-2014 -21-11-2014

  **Concello das Pontes**, 18:00, Ciclo de cine 'Educando á infancia en valores', en conmemoración do Día internacional da infancia, no auditorio da Casa Dopeso.

- 25-11-2014 -28-11-2014

  **Concello de Verín**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Desestruturemos os roles de xénero I', en conmemoración do Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, na Escola Municipal de Familia.

- 01-11-2014 -30-11-2014

  **Concello da Laracha**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Pacifismo e tolerancia', en conmemoración do Día internacional para a tolerancia.

- 22-12-2014 -30-12-2014

  **Concello de Pontecesures**, 17:00, Ciclo de cine 'Educando á infancia en valores' os días 22, 23, 29 e 30 de decembro no Centro Social.

- 27-12-2014 -04-01-2015

  **Concello da Laracha**, (Todo o día), Ciclo de cine 'Educando á infancia en valores', na Casa da Cultura.

Un total de 12 entidades socias realizaron proxeccións cos recursos do VideoFondo, realizándose ciclos en 9 delas nos que participaron máis de 500 persoas, con valoracións altas e moi altas.

## IX XORNADAS DE COOPERACIÓN '#ALÉN2015: OS OBXECTIVOS DO MILENIO, FIN E PRINCIPIOS'




O Fondo Galego estableceu como un dos seus obxectivos estatutarios ser motor de formación, debate, e punto de encontro entre todas aquelas persoas e entidades interesadas no sector da cooperación internacional galega. A historia da asociación deixa tras de si decenas de actividades articuladas en base a este obxectivo, mais se algún foro destaca pola súa pluralidade son as Xornadas anuais, que durante o ano 2014 cumpriron nove edicións.

Nas IX Xornadas abordouse o final do traxecto que enmarcou dentro do sistema internacional de cooperación os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e as novidades da axenda internacional post 2015, vinculando os debates ás temáticas realizadas arredor dos encontros dixitais #Alén2015.

Contouse para este fin con expertas/os galegas/os e internacionais de recoñecido prestixio, coa presenza do propio Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno de España, o Programa Mundial de Alimentos, a Rede Mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais, o Observatorio da Débeda na Globalización e Implicadas no Desenvolvemento. Cómpre apuntar que se convidou especificamente ao Consello Municipal de Cooperación de Vigo e á Coordinadora Galega de ONGD a participar nos relatorios, mais consideraron non ter un traballo específico arredor do significado e balance dos ODM e a transición cara os ODS.

As Xornadas realizáronse o día dos Dereitos Humanos, o 10 de decembro, no Concello de Vigo. No número 136 do boletín 'Infórmate a Fondo' deuse conta das liñas mestras dos debates e produciuse un vídeo actualmente pendurado na canle

Antonio Salort e Marta Pedrajas abordaron os resultados dos ODM e a axenda cara os ODS

do Fondo Galego en Youtube. A súa vez, as Xornadas foron retransmitidas por streaming e a gravación dispoñibilizouse no mesmo espazo, mentres que os audios das distintas intervencións atópanse na canle de Ivoox.

**Programa das IX Xornadas de Cooperación**

- 9:30 Presentación
  - Pilar Gallego, tesoureira do Fondo Galego (Concello de Allariz)
  - Teresa París, presidenta do Fondo Galego (Concello de Redondela)
  - Isaura Abelairas, vicepresidenta do Fondo Galego (Concello de Vigo).

- **Mesa 1: 2000-2015, Os ODM: Fin e principios**
  Presenta e modera: Roberto Mansilla, investigador do Igadi.
- 10:00 Os Obxectivos do Milenio e a axenda post 2015, resultados e procesos abertos. Marta Pedrajas, Secretaría General de Cooperación Internacional para el Desarrollo (asesora do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación).
- 10:20 O Programa Mundial de Alimentos e os vínculos cos ODM. Antonio Salort, Programa Mundial de Alimentos (Nacións Unidas España).
- **Mesa 2: Influír no global desde o local.**
  Presenta e modera: Daniel González Palau, secretario do Fondo Galego.
- 11:00 O papel das autoridades locais e a UCLG no proceso post 2015. Kate Shea Baird, Rede Mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais, Global Observatory on Local Democracy and Decentralisation (GOLD).
- 11:40 Os ODM e o proceso post 2015 desde o municipalismo brasileiro e latinoamericano, Tatiane de Jesus, asesora da Confederaçao Nacional dos Municípios Brasileiros.
- **12:00 Café de comercio xusto e entrega de premios do certame Imaxes con Fondo 2014**
- **Mesa 3 #Alén 2015: Das ONGD aos movementos sociais.**
  - Presenta e modera: Silvia Camesella, xornalista coordinadora do ciclo de encontros dixitais #Alén2015.
  - 12:45 Balance crítico dos ODM e o proceso post 2015. David Llistar, fundador do Observatori del Deute en la Globalització, autor de 'Anticooperación' (2009).
  - 13:15 Máis alá do sistema institucional, as alternativas desde os feminismos aos ODM. María Reimóndez, fundadora de Implicadas no Desenvolvemento e Premio Xerais 2014 por 'Dende o conflito'.

Kate Shea Bird representou en Vigo á Rede Mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais

Desde a dereita, a presidenta, a vicepresidenta e a tesoureira do Fondo Galego na inauguración das IX Xornadas

A Casa Galega da Cultura acolleu durante o evento a exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'

Os contos da Tropa de Trapo xiraron por vinte municipios ao longo de 2014

Unhas 1.500 persoas visitaron as exposicións itinerantes do Fondo Galego

A Revista Galega de Educación incluíu nun dos seus números un artigo da Secretaría do Fondo

Os Ciclos de Cine con Fondo promoven valores e sensibilizan sobre diferentes problemáticas

A presidenta do Fondo Galego asistiu no Senado á xornada sobre cooperación local organizada pola Coordinadora de ONGD

# 5 COMUNICACIÓN

A comunicación entendida como ferramenta de sensibilización e exercicio de transparencia seguiu sendo en 2014 un dos piares da actividade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Ao longo do ano, déuselle continuidade ás accións que xa estaban en marcha e implementáronse novas iniciativas previstas no Plan de Comunicación Online presentado a finais de 2013. Os ciberencontros #Alén2015, a nova newsletter ou a canle de audios intégranse nesta estratexia 2.0, que contempla variados mecanismos.

**Web.** As diferentes seccións da páxina web actualizáronse periodicamente. Ao longo do ano, publicáronse un total de 72 noticias, o que supón un incremento de case o 50% respecto de 2014. Ao tempo, creáronse novos subapartados para acceder directamente aos encontros dixitais ou aos formularios para xustificar as axudas a ONGD. Tamén se habilitou na portada a posibilidade de subscribirse á nova newsletter.

**Newsletter.** No mes de xuño lanzábase o novo boletín mensual para informar sobre as novidades da cooperación municipalista a través do correo electrónico. Amais das novas, recóllense as citas na axenda de actividades de sensibilización nas deputacións e concellos socios. As distintas listas de envío inclúen tanto ás administracións locais e provinciais como ás organizacións do sector e cidadanía en xeral. A newsletter creouse na plataforma Mailchimp en colaboración con PositiBos.

fondo galego
de cooperación e solidariedade

O Fondo Informa
05/06/2014
O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade lanza este boletín electrónico para informar ao sector e á cidadanía en xeral sobre as últimas novas da cooperación municipalista. Tamén atoparás as próximas citas na axenda solidaria das deputacións e concellos socios, entre outras cuestións de interese.




Aulas de fotografía social
Gabriel Tizón imparte clases maxistrais e Rober Amado obradoiros de fotografía social no marco do concurso Imaxes con Fondo 2014.

Adiase a convocatoria
Ata o 7 de xullo permanecerá aberta a convocatoria de subvencións dirixida aos axentes de cooperación para a execución de proxectos de desenvolvemento nos países do Sur, dotada con 100.000 euros.

IAF 133





Plataforma 2015 y más
O investigador Nacho Martínez reflexionou sobre os retos da nova axenda internacional no encontro dixital #Alén2015 de maio.

AXENDA
06/06/14 Rianxo
Contos da Tropa de Trapo. 18h Praza Rafael Dieste.

A newsletter informa cada mes das novidades do Fondo Galego a través das listaxes de correo electrónico

**"Infórmate a Fondo"**. A versión electrónica do histórico boletín de noticias continuou informando cada trimestre sobre as actuacións do Fondo tanto en Galicia como no Sur. A escritora Helena Villar Janeiro, a actriz e directora Mariana Carballal, a tamén intérprete e presentadora María Mera e a xornalista Irene Lourido protagonizaron a sección da entrevista nos distintos números, onde amosaron o seu apoio á solidariedade internacional. O IAF está dispoñible en diversas plataformas para a publicación online de documentos.

**Redes Sociais.** A páxina do Fondo Galego en **Facebook** pechou o exercicio con 3.828 siareiros, o que supuxo un incre-

mento do 130% respecto do ano anterior, en boa medida grazas á votación online do concurso Imaxes con Fondo. O 2014 rematou con 1.179 seguidores en **Twitter**, algo máis do dobre ca doce meses antes. Tamén se actualizaron con regularidade as redes sociais **Linkedin** e **Google+**, co afán de mellorar o posicionamento nos buscadores.

**Youtube.** Unha das novidades deste ano na Área de Comunicación do Fondo Galego foi a produción propia de audiovisuais para a súa disfusión online, en liña cos novos hábitos de consumo na rede. As aulas maxistrais de fotografía social, o proxecto apoiado a Agareso en El salvador e as IX Xornadas de Cooperación protagonizan os tres vídeos producidos, que ata o momento suman preto de 500 visitas. Na canle de Youtube penduráronse asemade os relatorios das Xornadas, que foron retransmitidas en **streaming**.

**Ivoox.** A mediados de ano abriuse unha canle de audios na plataforma Ivoox para dispoñibilizar unha selección de material de arquivo que pode escoitarse, descargarse e mesmo compartirse directamente en blogs ou redes sociais. Entre os podcast atópanse entrevistas a parceiros do Sur, mesas redondas das Xornadas de Cooperación que se organizan cada ano, conferencias sobre os proxectos de cooperación ou roldas de prensa nas que se presentaron distintas iniciativas.




A nova canle de audios en Ivoox recompila entrevistas e conferencias dos últimos anos

**Radiofusión.** Atendendo ao establecemento de sinerxías como unha cuestión chave, vén de crearse unha alianza coa rede de emisoras locais galegas Radiofusión para que o seu magazine matinal dedique un espazo semanal á cooperación municipalista. Deste xeito, cada luns despois das 9.30 horas

A canle do Fondo Galego en Youtube nutriuse con novos vídeos de produción propia

